



MEMORIA DE ACTIVIDADES
2024

POLA SAÚDE MENTAL E OS DEREITOS HUMANOS
COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

ÍNDICE

1.	ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2024	6
2.	ÓRGANOS DE XESTIÓN	6
2.1.	ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS	7
2.2.	XUNTA DE GOBERNO	7
3.	COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA	8
4.	COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN	12
5.	VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS	14
6.	SECCIÓNS	14
6.1.	SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE	14
6.2.	SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA	21
6.3.	SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA	23
6.4.	SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS	24
6.5.	SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL	27
7.	COMISIÓNS	31
7.1.	COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN	32
7.2.	COMISIÓN INTERSECTORIAL FEMINISTA	33
7.3.	COMISIÓN INTERSECTORIAL DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE	35
7.4.	COMISIÓN DE CULTURA E SOCIEDADE	37
7.5.	COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS	38
7.6.	COMISIÓNS DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA	38
8.	GRUPOS DE TRABALLO	41
8.1.	GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS	41
8.2.	GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE	55
9.	CONVENIOS DE COLABORACIÓN	57
9.1.	PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓXICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO	57
9.2.	PROGRAMA ABRAMOS O CÍRCULO	59
9.3.	PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO	61
9.4.	INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS	62
9.5.	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS	63
9.6.	CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA AOS DEPORTISTAS DGAN	63
9.7.	CONTRATO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO PSICOLÓXICO ORIENTADO A FAVORECER A INTEGRACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE NO ÁMBITO ACADÉMICO	64

9.8.	ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG) E AS ENTIDADES ASINANTES DO PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASOS DE ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NAS ARTES ESCÉNICAS	64
9.9.	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E AFFINITY	65
9.10.	ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA	65
9.11.	CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)	65
9.12.	CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA (COLEF Galicia)	66
9.13.	ACORDO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA)	66
9.14.	CONVENIOS COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	66
9.15.	CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS	66
9.16.	CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)	67
9.17.	CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA	67
9.18.	CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA	67
9.19.	CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO	67
9.20.	CONVENIO CON PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (GRUPO PSN)	68
9.21.	CONVENIO DE COLABORACIÓN CO BANCO SABADELL	68
10.	SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE	68
11.	SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA	69
12.	BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA	69
13.	PREMIOS DE COMUNICACIÓN XOAN VICENTE VIQUEIRA	69
14.	EVENTOS COLEXIAIS	70
14.1.	ACHEGAS DA PSICOLOXÍA	70
14.2.	ACTO DE BENVIDA AOS NOVOS E NOVAS COLEXIADAS DO COPG	71
14.3.	OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS	71
15.	REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS DA ADMINISTRACIÓN	73
16.	EN REPRESENTACIÓN DO COPG	75
17.	RELACIÓNS E COLABORACIÓNS INSTITUCIONAIS	80
18.	RECURSOS, ALEGACIÓNS E ACHEGAS INTERPOSTOS POLO COPG	84
19.	O COPG E O CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA DE ESPAÑA	85
20.	PUBLICACIÓNS	87
21.	MEDIOS DE COMUNICACIÓN	88
22.	SERVIZOS COLEXIAIS	89
23.	BALANCES ECONÓMICOS	95

g

Editorial

1. ESTADO DA COLEXIACIÓN A 31/12/2024

Total de colexiados e colexiadas a 31-12-2024: 3.862

ALTAS 340

Última promoción	102
Cota completa	100
Media cota	53
Reincorporacións	38
Traslados	28
Xubilación	18
Asociados/as	1

BAIXAS 111

Voluntarias	73
Traslados	16
Defunción	3
Xubilación	19

Colexiados e colexiadas inscritos nas Seccións Profesionais do COPG

Sección de Psicoloxía e Saúde	332
Sección de Psicoloxía Educativa	91
Sección de Psicoloxía da Intervención Social	121
Sección de Psicoloxía Xurídica	155
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións	38

2. ÓRGANOS DE XESTIÓN

2.1. ASEMBLEA XERAL DE COLEXIADAS E COLEXIADOS

A Asemblea Xeral de Colexiadas e Colexiados é o órgano supremo de decisión do Colexio e está constituída por todos os colexiados e colexiadas.

Celebráronse as seguintes sesións:

- 19 de marzo. Sesión ordinaria.
- 10 de decembro. Sesión ordinaria.

2.2. XUNTA DE GOBERNO

A Xunta de Goberno é o órgano executivo e de representación do Colexio.

COMPOSICIÓN DA XUNTA DE GOBERNO

M^a Rosa Álvarez Prada. Decana.

Hipólito Puente Carracedo. Vicedecano / TIC e Administración Electrónica / Coordinador coa Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións.

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez. Secretaria / Formación e Desenvolvemento profesional / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social.

M^a Carmen González Hermo. Vicesecretaria / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.

Miguel Ángel Chouza Ponte. Tesoureiro / Servizos colexiais.

José Berdullas Barreiro. Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.

M^a Begoña Castro Iglesias. Vogal / Publicacións / Coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa.

Ricardo Fandiño Pascual. Vogal / Coordinador coa Sección de Psicoloxía Xurídica / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación.

Concepción Fernández Fernandez. Vogal / Coordinadora Comisión Intersectorial Feminista/ Coordinadora Comisión de Cultura e Sociedade.

Eva Muíño Gómez. Vogal / Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade.

Ana M^a Núñez Rubines. Vogal / Coordinadora do GIPCE, Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias.

José Manuel Oreiro Blanco. Vogal / Coordinador coa Comisión de Ética e Deontoloxía.

Socorro Rodríguez Holguín. Vogal / Coordinadora da Comisión para a Defensa da Profesión / Relacións Académico-Profesionais.

Ao longo do 2024 celebráronse un total de 10 Xuntas de Goberno ordinarias para a dirección e xestión da actividade colexial:

- 30 de xaneiro. Sesión ordinaria.
- 20 de febreiro. Sesión ordinaria.
- 12 de marzo. Sesión ordinaria.

- 23 de abril. Sesión ordinaria.
- 28 de maio. Sesión ordinaria.
- 25 de xuño. Sesión ordinaria.
- 3 de setembro. Sesión ordinaria.
- 22 de outubro. Sesión ordinaria.
- 26 de novembro. Sesión ordinaria.
- 20 de decembro. Sesión ordinaria.

3. COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

A Comisión de Ética e Deontoloxía está formada por un presidente, unha secretaria e tres vogais, coas atribucións propias dos seus cargos, e que son nomeados pola Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG a proposta da Xunta de Goberno.

Son fins desta Comisión, entre outros, promover comportamentos éticos no exercicio da profesión e desenvolver o Código Deontolóxico do/a Psicólogo/a.

Para desenvolver tales funcións, a Comisión de Ética e Deontoloxía dispón de total independencia, facultades e competencias plenas no desenvolvemento das súas funcións.

Composición da Comisión de Ética e Deontoloxía

Luis Carlos Álvarez García, *presidente*
Marta Rivas Rodríguez, *secretaria*

Susana Blanco Fernández
M^a Inmaculada Casabiell Rodríguez
Ana Paula Martínez Figueiras, *ata o 10 de decembro de 2024*
Emma Diéguez Teijeiro, *desde o 10 de decembro de 2024*
Vogais

José Manuel Oreiro Blanco
Coordinación coa Xunta de Goberno

Reunións celebradas

Celebráronse un total de oito reunións, seis desas reunións en liña e dúas presenciais:

2 de febreiro. Sesión ordinaria.
6 de abril. Sesión ordinaria.
26 de abril. Sesión ordinaria.
12 de xuño. Sesión ordinaria.
2 de agosto. Sesión ordinaria.
13 de setembro. Sesión ordinaria.
26 de outubro. Sesión ordinaria.
13 de decembro. Sesión ordinaria.

Nestas xuntanzas contouse coa presenza de Cecilia Barros Díaz, asesora xurídica do COPG, quen asesorou permanentemente en asuntos de carácter legal e coa presenza de José Manuel Oreiro Blanco como coordinador coa Xunta de Goberno.

a) Actividades

Como xa é coñecido, a actividade desta Comisión vira principalmente ao redor de tres áreas específicas:

- Tramitación e instrución de queixas/denuncias que calquera cidadán pode facer en relación coa actividade de calquera profesional da psicoloxía que estea colexiado/a.
- Respostas a consultas que ante dúbidas ou dilemas se poden dar no exercicio da profesión da psicoloxía.
- Activade docente e pedagóxica con respecto á ética e á deontoloxía da nosa profesión.

Quedaban 2 expedientes pendentes do ano 2023, que foron resoltos do seguinte xeito:

- 2 proposta de sanción.

Durante o ano 2024 abríronse 20 expedientes e a súa situación é a que segue:

- 12 arquivados sen vulneración deontolóxica.
- 3 proposta de sanción.
- 5 en proceso de tramitación.

Total expedientes:

Expedientes pendentes (2023):	2
Expedientes novos (2024)	20
TOTAL:	22

Estado dos expedientes:

Expedientes resoltos:	17 (77,2 %)
-----------------------	-------------

Expedientes en tramitación: 5 (22,7 %)

Tramitación de expedientes:

Expedientes admitidos a trámite: 5 (22,7 %)

Expedientes non admitidos a trámite: 12 (54,5 %)

Expedientes pendentes de decisión a trámite: 5 (22,7 %)

Artigos do Código Deontolóxico da Psicoloxía con proposta de sanción:

Art. 6 en 2 expedientes.

Art. 15 en 2 expedientes.

Art. 17 en 1 expediente.

Art. 22 en 1 expediente.

Art. 25 en 2 expedientes.

Art. 29 en 2 expedientes.

Art. 42 en 2 expedientes.

Art. 48 en 3 expedientes.

b) Servizo de consultas:

Servizo ao cal poden dirixirse consultas para propoñer dúbidas sobre cuestións éticas e deontoloxía do exercicio da profesión.

Durante este ano recibíronse 64 consultas, as cales, a data 31 de decembro, estaban todas contestadas.

O maior número das consultas, un 42 %, estaban referidas a dúbidas con respecto ao consentimento parental, seguido de consultas referidas ao uso da información, e informes e situacións de risco.

No que respecta ao tipo de consultantes, a maior porcentaxe, como é habitual, corresponde a profesionais da psicoloxía, un 80 %. O resto dos datos son: un 17 % de familiares de menores que están a ser atendidos e un 3 %, unha consulta, por parte dunha administración local.

Nas consultas citáronse un total de 14 artigos do Código Deontolóxico. Os artigos máis citados nas respostas ás consultas foron: o artigo 25 (en relación ao consentimento para a atención psicolóxica), citado en 25 ocasións (43,1 % do total das consultas); o artigo 42 (en relación ao dereito á información), citado en 20 ocasións (34,8 % do total das consultas); o artigo 8 (en relación coa obriga de informar de situacións de risco), citado en 8 ocasións (13,7 % do total das consultas); e o artigo 2 (en relación coa obriga de cumprir o principio de legalidade), citado en 7 ocasións (12 % do total das consultas).

Nos últimos anos a tendencia é a un aumento progresivo das consultas. Este ano é o que máis consultas recibíronse cun total de 64, o que supón un incremento do 48,8 %, manteniéndose a tendencia á alza. A visibilización da Comisión de Ética e Deontoloxía a través das distintas formacións e publicacións e unha maior sensibilidade e preocupación das psicólogas e psicólogos está a incidir neste aumento.

c) Comisión Electoral:

A Comisión de Ética e Deontoloxía participou, constituíndose en Comisión Electoral, nas eleccións da Sección de Psicoloxía Xurídica do COPG con proclamación da nova Xunta Directiva o 5 de xullo de 2024.

d) Colaboración na Circular Informativa do COPG:

A Comisión colaborou coa Circular Informativa con tres contribucións: intervención en menores e persoas legalmente incapacitadas, situacións de risco e consentimentos para a intervención e avaliación.

e) Actividades de formación:

- Programa da materia do Prácticum para estudantes de 4º curso de Grao da Facultade de Psicoloxía da USC. Cunha duración de 20 horas, impartido durante os meses de setembro e outubro:
 - Módulo 1: Presentación do curso: Principios éticos xerais.
 - Módulo 2: Dilemas ético - Toma de decisións éticas.

- Módulo 3: Aspectos éticos e deontolóxicos en Psicoloxía Aplicada. Contextos sociais, educativos e organizacionais.
 - Módulo 4: Aspectos éticos e deontolóxicos en Psicoloxía Aplicada II. Contextos clínicos e xurídicos.
 - Módulo 5: Taller de traballo con dilemas.
- Por invitación persoal e dentro das funcións na Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG:
 - Curso sobre dilemas éticos na práctica clínica - sanitaria impartido aos alumnos do Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria da Facultade de Psicoloxía da USC, o 22 de outubro de 2024.
- f) Carlos Álvarez García, como secretario da Comisión Permanente de la Comisión de Ética y Deontología del Consejo General de Colegios Oficiales de la Psicología, participou en oito reunións ordinarias e dúas reunións do pleno das comisións deontolóxicas dos colexios profesionais da psicoloxía.

4. COMISIÓN PARA A DEFENSA DA PROFESIÓN

A creación da Comisión para a Defensa da Profesión foi aprobada na Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia o 10 de marzo de 2015.

Entre os obxectivos da Comisión figuran os de fomentar e potenciar o recoñecemento da psicoloxía como profesión necesaria na sociedade, así como apoiar o emprendemento de accións legais contra o intrusismo das pseudoterapias, así como dos e das profesionais que exercen sen a colexiación obrigatoria.

Composición da Comisión

Socorro Rodríguez Holguín, *coordinadora*

Vogais:

M^a Victoria Canosa Raña
 Cristina Fontaíña García
 Hafdallah Menni El Ouali, *ata outubro de 2024*
 Jacobo Ceide Franqueira, *desde decembro de 2024*
 José Manuel Pazos Riveiro
 Jessica Rodríguez Czaplicki

Reunións

Celebráronse cinco reunións no 2024, nas seguintes datas:

18 de xaneiro.
7 de marzo.
27 de xuño.
19 de setembro.
21 de novembro.

Actividades:

a) Ao longo do ano 2024, a Comisión para a Defensa da Profesión atendeu a casos de posible intrusismo ou polo exercicio da psicoloxía sen a necesaria colexiación, detectados desde o propio COPG ou trasladados a través do sitio web habilitado ao efecto.

Ao longo do 2024: iniciáronse 14 expedientes; finalizáronse un total de 17, dos que 6 foron iniciados en exercicios anteriores, e 3 casos están en tramitación.

Os expedientes tratados ao longo do ano 2024 pódense agrupar pola súa natureza do seguinte xeito:

- Psicólogos/as que exercen sen a debida colexiación e/ou habilitación, ou con colexiación noutra comunidade autónoma (4 casos).
- Psicólogos/as que ofrecen atención mediante pseudoterapias ou "terapias alternativas" sen aval científico ou evidencia empírica contrastada, que pretenden atención a problemas e ámbitos propios da psicoloxía (5 casos).
- Profesionais con outras titulacións, sen titulación en Psicoloxía, cuxa oferta de servizos invade o ámbito de competencia da psicoloxía (4 casos).
- Outros (1 casos).

O afrontamento destes casos realízase mediante requirimento ás persoas implicadas para que procedan coa colexiación, coa acreditación de habilitación ou coa adecuación da oferta de servizos que prestan.

No caso de oferta de atención a trastornos de saúde sen a debida cualificación, e particularmente no caso de pseudoterapeutas, adoptouse a decisión de trasladar a información dispoñible ao Servizo de Inspección Sanitaria da Xunta de Galicia. Boa parte dos expedientes abertos parten de denuncias presentadas no COPG, nos máis dos casos por persoas colexiadas.

Desde 2022, non se mantén comunicación directa da progresión dos expedientes coas persoas que denuncian para asegurar a debida protección da súa identidade no caso de que o expediente chegue a progresar ao ámbito xudicial.

b) Ao longo do ano 2024, a Comisión para a Defensa da Profesión estivo traballando no deseño dunha campaña informativa de promoción da profesión dirixida á cidadanía, que se agarda vexa a luz en 2025. Considérase axeitado unha campaña desta índole en base, principalmente, a dúas cuestións que se fixeron evidentes todo este tempo:

1. A inmensa e variada oferta de servizos supostamente sanitarios dirixidos á saúde mental e psicolóxica, que non para de medrar dende hai varios anos.

2. A confusión que crea na poboación conceptos imprecisos como “terapia”, “terapeuta” “psicoterapeuta”, “coach”, que se relacionan moi facilmente coa psicoloxía sen ser necesariamente sinónimo de profesional debidamente cualificado.

5. VALEDOR/A DAS COLEXIADAS E COLEXIADOS

A figura do valedor/a das colexiadas e colexiados vén especificada nos Estatutos do Colexio de Psicoloxía de Galicia, concretamente no Capítulo XI, como a persoa que defende os dereitos e intereses de todos os colexiados e colexiadas perante os demais órganos colexiais exceptuando a Comisión de Ética e Deontoloxía.

Valedor das colexiadas e colexiados:

- **Antonio González Fernández**, ata o 19 de marzo.
- **Olegaria Mosqueda Bueno**, desde o 19 de marzo.

Ao longo do presente ano non foi reclamada a actuación do valedor.

6. SECCIÓNS

Para o mellor cumprimento dos fins colexiais nos distintos ámbitos de intervención psicolóxica, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia dispón de cinco seccións profesionais que agrupan a todos aqueles colexiados e colexiadas que conforman un ámbito disciplinario de especialidade profesional cunha identidade definida e recoñecida.

6.1. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Composición da Xunta Directiva

Xacobe Abel Fernández García

Presidente

Paula Marcos Carregal

Vicepresidenta

María Villarino González

Secretaria

Eduardo Martínez Lamosa

Tesoureiro

María Salomé Botana Martínez
Vogal
Paula Cid Gutiérrez
Vogal
Isabel Figueroa Matallín
Vogal desde novembro de 2024
Marta Millares Otero
Vogal desde novembro de 2024

Reunións

Celebráronse sete reunións nas seguintes datas:

1 de febreiro
11 de abril
6 de xuño
19 de setembro
24 de outubro
8 de novembro (Asemblea ordinaria de Socios/as)
21 de novembro
19 de decembro

Actividades

a) Formación:

- Curso “Prevenición das condutas suicidas na infancia e adolescencia”.
Docente: José Eduardo Rodríguez Otero.
Datas: 17 de febreiro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Nº de horas: 8 horas.
Nº inscritos/prazas ofertadas: 44 / 20 prazas presenciais e 20 prazas online.
Coordinador: Eduardo Martínez Lamosa.
- Curso “Psicoterapia en trauma relacional ”.
Docentes: Valentín Escudero Carranza.
Datas: 13 de abril.
Lugar: Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
Nº de horas: 10 horas.
Nº inscritos/prazas ofertadas: 83 inscricións, 40 admitidos / 30.
Coordinadora: Paula Marcos Carregal.
- Curso “O autismo menos visible: detección, avaliación, confusión diagnóstica e abordaxe”.
Docentes: Amaia Hervás Zúñiga e Rebaca Sevilla Muñiz.
Datas: 19 e 20 de abril.
Lugar: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.

Nº de horas: 12 horas.

Nº inscritos/ prazas ofertadas: 69 inscricións, 40 admitidos / 30.

Coordinadoras: Alicia Carballal Fernández, Marta Millares Otero e Tania Tuñas López.

- "Encontro sobre trauma e EMDR. Fisioloxía cerebral, apego e enfoque transdiagnóstico".
Organizado polo grupo de traballo de EMDR e Trauma da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG .
Docentes: Cristina Cortés Viniegra e Benedikt L. Amann.
Data: 17 de abril.
Lugar: En liña. Plataforma Moodle do COPG e Zoom.
Nº de horas: 2 horas e 30 minutos.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 188 / 100.
Coordinadora: M^a Jesús Taboada Costas.
- Curso "Introdución ao tratamento baseado da mentalización (MBT) e ao modelo AMBIT".
Docente: Mark Philip Dangerfield Gudiol.
Datas: 10 e 11 de maio.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Nº de horas: 12 horas.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 32 / 30.
Coordinadores: Xacobe Abel Fernández García e María Salomé Botana Martínez.
- Curso "A Atención da desatención. Unha mirada crítica sobre o TDAH. A intervención dende unha perspectiva integral".
Docente: Alfredo Mario Waisblat Wainberg.
Datas: 21 e 22 de xuño.
Lugar: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.
Nº de horas: 12 horas.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 23 / 40.
Coordinadoras: Alicia Carballal Fernández e Belén Álvarez Batista.
- Curso "Mocidade e sexualidades: reflexións dende a práctica clínica".
Docente: Sabela Bermúdez Míguez e Alicia Carballal Fernández.
Datas: 5 de outubro.
Lugar: Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela.
Nº de horas: 8 horas.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 17 / 30.
Coordinadoras: María Villarino González.
- I Xornada de traballo das seccións de Psicoloxía e Saúde e Psicoloxía Educativa "Facendo encontro, tecendo rede".
Datas: 19 de outubro.
Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Nº de horas: 12 horas.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 27 inscricións.
Coordinadores por parte da sección de Psicoloxía e Saúde: Paula Marcos Carregal e José Berdullas Barreiro.

- Curso "Aprender a traballar os trastornos alimentarios e obesidade dende máis alá do síntoma coa comida".
Docente: Natalia Seijo.
Datas: 13 e 14 de decembro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Nº de horas: 12 horas.
Nº inscritos/ prazas ofertadas: 32 / 40.
Coordinadores: Xacobe Abel Fernández García e Salomé Botana Martínez.

b) Xornadas da Sección:

- XXIX Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde “Desafiando á historia”.
Datas: 7, 8 e 9 de novembro de 2024.
Lugar: Ribadavia.

Comité Organizador:

Patricia María Tamara Rego Ribeiro

Presidenta

Yolanda Castro Casanova

Vogal

María del Pilar Tato Salgado

Vogal

Rita María Touza Piñeiro

Vogal

Comité Científico:

Marta González Rodríguez

Presidenta

Nuria Seijas Fernández

Vogal

Mónica Santos Rivas

Vogal

María Gloria Alfageme Pérez

Vogal

Jesús Balmón Ortiz

Vogal

c) Anuario de Psicoloxía e Saúde:

O Consello de Redacción está composto por:

M^a Gabriela Domínguez Martínez, *directora*

Noelia Pita Fernández

Paula Rodríguez Vázquez

Laura Sotelo Estévez

Aislinn García Hermo

Anuario Psicología e Saúde número 17 “GALICIA MÁXICA”.

Presentado nas XXIX Xornadas da Sección de Psicología e Saúde.

d) Grupos de traballo:

Grupo de Traballo dos Titores e Titoras dos/as Especialistas en Formación en Psicología Clínica (PIR):

As persoas integrantes deste grupo son:

Irene Martínez Montero (Santiago de Compostela) / Melania Beceiro Rico (Ferrol) / Yolanda Castro Casanova (Ourense) / Delia Guitián Rodríguez (Lugo) / Francisco Javier Sardiña Agra (A Coruña) / María José Veiga Candán (Vigo) / Lidia Sánchez Edreira (Ferrol) / Rosa Cerqueiro Landín (Santiago de Compostela) / José Berdullas (Santiago de Compostela) / Marta González Rodríguez (Ourense) / Nuria Seijas (Ourense) / Mónica Santos (Ourense) / Mercedes Castro Bal (Lugo) / Xacobe Abel Fernández García (A Coruña) / Beatriz Fernández (Pontevedra) / Luis Rodríguez Recarey (Vigo)

Grupo de Traballo de Neuropsicología:

Pendente de que alguén amose interese na súa reapertura.

Grupo de Traballo de Atención Primaria:

A este grupo sumáronse as psicólogas e psicólogos clínicos nos proxectos piloto do SERGAS en Atención Primaria. Trasladas á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia algúns dos problemas na implementación da psicología clínica en atención primaria na reunión co Conselleiro.

As persoas integrantes deste grupo son:

Lidia Sánchez Edreira (coordinadora) / Alicia Carballal Fernández / María José Carreira Vidal / Paula Cid Gutiérrez / Santiago Lago Canzobre / Carlos José Losada López / Cristina Alonso Vilar / Casilda Mariana Oujo Fernández / Luis Rodríguez Recarey / Patricia Vázquez Batán.

Grupo de Traballo para o Tratamento de Trastornos Mentais Severos:

Atópase inactivo desde a realización das XXVI Xornadas da Sección de Psicología e Saúde.

Grupo de Traballo do Observatorio Post-catástrofes:

Atópase inactivo desde a publicación do Protocolo de intervención en catástrofes e como se coordina a atención psicolóxica unha vez que rematan as funcións do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) do COPG.

Grupo de Traballo de Trauma e EMDR

As persoas integrantes deste grupo son:

M^a Jesús Taboada Costas (coordinadora) / Isabel Varela Sánchez-Caballero / Isabel Aneiros Loureiro / Mar Rodríguez Martínez (*ata o 26 de xuño*) / Belén Peña Pintané / Soledad Ozores Dopereiro / Rebeca Lago Moreira / Patricia Barros Sánchez (*desde o 25 de xuño e ata o 26 de novembro*) / Susi Gallardo García (*desde o 25 de xuño*) / María Vanessa Andrade Lema / Isabel Aneiros Loureiro (*desde o 26 de novembro*) / M^a Paloma Cabaleiro Fernández (*desde o 26 de novembro*).

Grupo de Traballo de Intervisión

Organización de sesións mensuais para os colexiados e colexiadas. Grupo de apoio centrado na reflexión, experiencias e o autocoidado como profesionais.

As persoas integrantes deste grupo son:

Natalia Seijo Ameneiros (coordinadora) / Alba Tamara López Vellón / Yoana Fernández Moreno / Carmen Corina Rodas Verdes / Ángela María Piñeiro Cotelo

Grupo de Traballo de Trastornos Adictivos

Mantéñense as reunións mensuais e papel activo dos/as seus/súas integrantes nas reivindicacións do colectivo, como a defensa da asistencia ás adiccións no ámbito de atención pública á saúde mental.

As persoas integrantes deste grupo son:

María Carou López (coordinadora) / Jesús Cancelo Martínez / M^a Carmen Guimeráns Freijeiro / Maximino Portela Freire / Gerardo Sabio Fernández / Lourdes Suárez Fernández / María Villarino González.

Grupo para a Defensa do Acceso dos Psicólogos e Psicólogas Clínicos a Postos de Xestión

José Berdullas / Xacobe Abel Fernández / Paula Marcos Carregal / Paula Cid Gutiérrez / Rosa Cerqueiro Landín / Santiago Lago Canzobre / Andrea Taboada / Nuria Seijas / Marta González Rodríguez.

e) Os membros da Xunta Directiva da Sección de Psicoloxía e Saúde participaron nas seguintes comisións do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia:

- a. *Comisión de avaliación de expedientes de acreditación para o exercicio de actividades sanitarias*: Xacobe Abel Fernández García e María Villarino González.
- b. *Comisión Intersectorial Feminista*: María Villarino González.
- f) A persoa coordinadora da sección respecto a contidos na circular, páxina web e relación cos medios de comunicación foi Xacobe Abel Fernández García.
- g) Eduardo Martínez Lamosa é vogal da Junta Directiva da División de Psicología Clínica y de la Salud (PCyS) do Consejo General de la Psicología, asistindo ás reunións da directiva correspondentes e ás reunións interterritoriais convocadas.
- h) Participación nas reunións interterritoriais das Divisións de Psicología convocadas a través do Consejo General de Psicología:
 - a *División de Psicología Clínica y de la Salud*: asistiu María Villarino á reunión o 16 de novembro de 2024 en Madrid.
 - b *División de Psicoterapia*: Paula Marcos Carregal asistiu á reunión o 5 de outubro de 2024 en Madrid.
 - c *División de Neuropsicología*: Salome Botana Martínez asistiu á reunión o 26 de outubro de 2024 en Madrid.
 - d *División de Psicología de la Salud*: María Villarino asistiu á reunión o 23 de marzo de 2024 en Madrid.
- i) Xacobe Abel Fernández García, como presidente da sección, xunto con Jose Berdullas como vogal na Xunta de Goberno, mantiveron unha reunión co Conselleiro e co director de procesos asistenciais de cara o desenvolvemento da nova Estratexia de Saúde Mental, destacando 3 puntos: psicoloxía clínica en atención primaria, dispositivos de trastorno mental severo e integración das Unidades Asistenciais de Drogodependencias, así como anunciando tamén un reforzo ás unidades de prevención do suicidio.
- j) O presidente da sección de psicoloxía e saúde, Xacobe Abel Fernández García, participou en representación da Sección de Psicología e Saúde do COPG en reunións coa decana do COPG, colaboración coa Xunta de Goberno, coordinación coas outras seccións do COPG e elaboración de respostas aos correos dirixidos ao COPG sobre a área de psicoloxía e saúde.
- k) Actividade dos grupos de traballo en 2024:
 - a. GRUPO DE TRABAJO DE TITORES E TITORAS PIR: Reunión anual no marco das Xornadas da Sección e participaron dunha xornada de traballo en colaboración coa Asociación Galega de PIRs AGAPIR o 9 de febreiro de 2024.
 - b. GRUPO DE TRASTORNOS ADICTIVOS: Manteñen reunións mensuais online. Os seus integrantes teñen un papel activo nas reivindicacións do colectivo: a defensa da asistencia aos trastornos aditivos no ámbito da atención pública á saúde mental, seguimento dos problemas detectados na rede de adiccións de Galicia e apoio ao recoñecemento do traballo realizado nestes servizos.
 - c. GRUPO DE TRABAJO DE ATENCIÓN PRIMARIA: Coordinación e punto de encontro dos e das profesionais das distintas áreas. Activos na reivindicación da implantación da psicoloxía clínica en atención primaria e no plantexamento do modelo organizativo que queren promover, con referentes de experiencias noutras comunidades autónomas.

d. GRUPO DE TRABAJO DE TRAUMA E EMDR: Reunións e traballo de elaboración de materiais de divulgación e formación para difundir a través do COPG, formalizando unha xornada online “Encontro sobre trauma e EMDR. Fisioloxía cerebral, apego e enfoque transdiagnóstico” o 14 de abril de 2024.

e. GRUPO DE INTERVISIÓN: Organizan sesións mensuais para os colexiados e colexiadas previa inscrición. Trátase dun grupo de apoio centrado na reflexión, experiencias compartidas e o autocoidado como profesionais.

6.2. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA EDUCATIVA

Composición da Xunta Directiva

Manuela del Palacio García

Presidenta

Ana M^a Ulloa Lage

Vicepresidenta

M^a Asunción Teijeira Bautista

Secretaria

M^a Begoña Castro Iglesias

Tesoureira

Nuria Lago Fernández

Concepción López Martín

Carolina Tinajero Vacas

Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

30 de xaneiro

29 de febreiro

30 de maio

19 de xuño

16 de outubro

30 de novembro

Actividades

a) Congreso:

- Participación de Manuela del Palacio García en representación da Sección Educativa no XIII Congreso Ibero-Americano de Psicología, 6º Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses, en Lisboa do 25 ao 27 de setembro.

b) Xornadas:

- Participación da presidenta Manuela del Palacio en Tempos da Psicoloxía 2024: “Unha ollada sobre o suicidio”.
- Xornada formativa “Facendo encontro, tecendo rede”: encontro entre as Seccións de Psicoloxía Educativa e Psicoloxía e Saúde celebrada o sábado 19 de outubro.

c) Documentación elaborada:

- Reivindicación da necesidade de especialistas en Psicoloxía Educativa nos centros educativos, pesentado na Consellería.
- O 2 de maio, con motivo da celebración do “Día Internacional contra o Acoso Escolar”, na web do Colexio colgáronse unhas infografías co texto proposto pola presidenta: “Se te illan, tamén é acoso escolar” e elaborou un manifesto para celebrar esta data, tamén pendurado na páxina web do COPG.

d) Outros: investigación e innovación:

- Desde a Fundación Española para a Promoción e o Desenvolvemento da Psicoloxía Científica e Profesional (PSICOFUNDACIÓN), en coordinación co Consejo General de la Psicología, universidades españolas e as consellerías de educación de diferentes comunidades, estase a realizar un proxecto científico que ten por título “*Prevención de los problemas emocionales en el contexto educativo: eficacia del Protocolo Unificado para el Tratamiento Transdiagnóstico para adolescentes*” (PsiCE). Estudo a nivel internacional e pioneiro en España e que persegue previr os problemas emocionais (ansiedade, depresión...) nos contextos educativos, mellorando o axuste socioemocional e escolar da nosa mocidade. Esta proposta de investigación está coordinada en Galicia polo Vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, e colaboran psicólogos/as educativos/as como Olegaria Mosqueda Bueno, Juan Manuel Daponte Codina, Alfredo Fornos Pérez e M. Carmen Lorenzo Vila.
- O COPG avala o terceiro gan do Proxecto de Xeración do Coñecemento 2022, que presenta o Departamento de Psicoloxía Evolutiva e da Educación da USC ante o Ministerio de Ciencia e Innovación. Este proxecto está liderado pola vogal Carolina Tinajero Vacas. A presidenta de Sección Educativa forma parte do Proxecto.

e) Participación nas Comisións Intersectoriais de Mediación (Ana M^a Ulloa Lage), Feminista (Concepción López Martín) e Deporte (Carolina Tinajero Vacas).

f) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía. M^a Begoña Castro Iglesias.

g) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web. Nuria Lago Fernández.

h) Participación en representación do COPG en diferentes artigos de medios de comunicación.

6.3. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Composición da Xunta Directiva ata o 5 de xullo.

Dolores Seijo Martínez
Presidenta
M. Milagros Martínez García
Vicepresidenta
Concepción Fernández Martínez
Secretaria
María Alba Sousa González
Tesoureira
Ricardo Fandiño Pascual
Lucía Monroy Fernández
Nuria González Lois
Manuel Vilariño Vázquez
Vogais

Composición da Xunta Directiva desde o 5 de xullo.

Dolores Seijo Martínez
Presidenta
M. Milagros Martínez García
Vicepresidenta
Concepción Fernández Martínez
Secretaria
María Alba Sousa González
Tesoureira
Ricardo Fandiño Pascual
Lucía Monroy Fernández
Nuria González Lois
Manuel Vilariño Vázquez
Ramón López Iglesias
Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

9 de marzo.
22 de xuño (Asemblea de socios e socias).
22 de outubro.
21 de decembro.

Actividades

a) Formación:

- Curso “Claves para a avaliación forense no eido penal: máis alá do informe pericial”.
Data: 27 de xaneiro.
Coordinadora: Nuria González Lois.
Docente: M^a del Carmen González Pais.
- Curso “*True Crime*: Realidade e ficción na investigación psicolóxica do delito violento”.
Data: 21 de decembro.
Coordinadora: Milagros Martínez García.
Docente: César San Juan Guillé.

b) Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte (M^a Dolores Seijo Martínez), Mediación (Nuria González Lois) e Feminista (Concepción Fernández Martínez).

c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía.

e) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de INFOCOP e da páxina web.

f) Participación no I Seminario Xustiza Sostible para as familias, celebrado na Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela o 25 de outubro de 2024, e no que o COPG participou como entidade colaboradora.

g) Grupo de traballo “Difusión da Psicoloxía Xurídica entre os/as operadores/as xurídicos/as”

Constituído o 19 de abril de 2024.

As persoas integrantes deste grupo son:

M. Milagros Martínez García (coordinadora) / Concepción Fernández Martínez (coordinadora) / Nuria González Lois (coordinadora) / Lucía Monroy Fernández (coordinadora) / María Alba Sousa González (coordinadora) / Beatriz Dorrio Lourido / Ramón López Iglesias / Rosa M^a Barciela Nieto (*ata o 28 de xuño*) / Jair Clavo Acebedo (*ata o 28 de xuño*) / Francisco Javier Gutiérrez Domínguez / Bárbara Castro Rubio / Manuel Ramos Garrido / Rafael Pérez de Lis / Álvaro Montes Campos / Blanca Cea Ríos

6.4. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Composición da Xunta Directiva

Carlos Montes Piñeiro
Presidente
José Ortuño Vilurbina

Vicepresidente

Ana M^a Entenza Vidal

Secretaria

Antonio Esteban Fuertes Saavedra

Tesoureiro

José Luis Domínguez Rey

Julio González Morandeira

Antía Blanco Espiñeira

Paloma Rodríguez Puime

Noelia Turnes Boquete

Vogais

Reunións

Celebrouse na seguinte data:

19 de decembro (Asemblea de socios e socias).

Actividades

a) Formación:

- Sesión interactiva “*A empresa, a tecnoloxía e os RRHH*”.
Data: 6 de febreiro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
Coordinan: Noelia Turnes Boquete (G-6577) e Carlos Montes Piñeiro (G-3367).
Relatora: Paloma Rodríguez Puime (G-6303, técnica xeralista de persoas en Orienteed).
- “I Foro Empregabilidade, Emprego e Emprendemento en Psicoloxía”.
Data: 13 de marzo.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC).
Relatores: Antía Blanco Espiñeira. HR Manager en GalChimia. / Purificación Torrente Sánchez. Técnico en Orientación Profesional do Servizo de Orientación Laboral e Emprego da USC. / Iago González Pazos, responsable de Xestión do Cambio e Mellora Continua de RRHH en Navantia. / Rebeca Calvo Barros, cofundadora e responsable de Psicoloxía e Benestar en Mentiness. / Francisco Landeira Otero, People Experience Manager & Institutional Partnerships VP en elkanodata. En colaboración coa Confederación Empresarial de Pontevedra (CEP).
- Webinar “Liderado e xestión de persoas nas organizacións: Perspectivas globais”.
Data: 20 de xuño.
Coordinan: Carlos Montes Piñeiro (G-3367).
En colaboración coa División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España.

- Obradoiro “Fomento de hábitos de vida saudables: primeiros auxilios psicolóxicos”.
Data: 19 de outubro
Organizado en colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña.
 - “I Encontro Galego Interprofesional de RRHH”.
Data: 10 de outubro.
Lugar: Auditorio Sede Afundación A Coruña.
En colaboración coa Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) e a Asociación de Traballadores Autónomos de Galicia (ATA Galicia).
-
- b) Participación nas Comisións Intersectoriais de Deporte (Antonio Esteban Fuertes Saavedra), Mediación (Carlos Montes Piñeiro), Feminista (Carlos Montes Piñeiro); Comisión de Transformación Dixital (Julio González Morandeira), e Comisión de Cultura (José Luis Domínguez Rey).
 - c) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía (Carlos Montes Piñeiro).
 - d) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
 - e) Achega de contidos para a Newsletter da División de PTORH do Consejo General de la Psicología.
 - f) Acude en representación na División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España Carlos Montes Piñeiro.
 - g) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía do traballo e das organizacións.
 - h) Representación en comisións de seguimento dos seguintes convenios:
 - Convenio de colaboración co Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (ISSGA) (Carlos Montes Piñeiro).
 - Convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de A Coruña (CEC) (Carlos Montes Piñeiro).
 - Convenio de colaboración coa Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) (Carlos Montes Piñeiro).
 - i) Participación nas reunións de organización da actividade “Tempo da Psicoloxía”, organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
 - j) Asistencia á reunión do Grupo de Traballo interno de Benestar e Saúde no Traballo da División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España (COP) o 4 de marzo.
 - k) Asistencia á reunión de representantes interterritoriais de áreas de PTO do Consejo General de la Psicología de España (COP), o 8 de marzo.

- l) Participación no obradoiro de traballo «Entornos de traballo saudables: Saúde mental no contexto actual», organizado pola Confederación de Empresarios de La Coruña (CEC), o 12 de abril.
- m) Asistencia á Xornada Técnica “Seguridade e Saúde Laboral na Industria: Análise dos cambios demográficos e como afectan á percepción e manexo dos riscos psicosociais, ergonómicos e á organización do traballo”, organizada pola Asociación de Industrias do Metal e Tecnoloxías Asociadas de Galicia (ASIME), o 26 de xuño.
- n) Participación na “I Xornada de Saúde Mental no Traballo: Retos, estratexias e propostas de actuación”, organizada pola División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España (COP), o 28 de novembro.
- o) Infografía elaborada en colaboración coa División de Psicoloxía do Traballo, das Organizacións e dos Recursos Humanos do Consejo General de la Psicología de España (COP) para conmemorar o Día Mundial dos RRHH 2024.
- p) Ao longo do ano 2024, a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións deu resposta ás consultas remitidas á Sección no seu ámbito de actuación.

6.5. SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Composición da Xunta Directiva

Guadalupe Oroña Quintáns

Presidenta

Miguel Moreira Roderá

Vicepresidente

M. Pilar Canosa Raña

Secretaria

Mercedes Borjas Astorga

Tesoureira

Patricia Rodríguez Villar

Sara Roldán Álvarez

Yago López Pérez

Vogais

Reunións

Celebráronse nas seguintes datas:

16 de febreiro

31 de mayo

28 de outubro

16 de decembro (Asemblea de socios e socias)

Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's

O Grupo de Traballo de Psicólogos e Psicólogas dos CIM's está formado por profesionais da psicoloxía que teñen como principais obxectivos dar visibilidade profesional e social ao traballo levado a cabo polos CIMs, promover unha formación especializada para as e os profesionais dos mesmos, consensuar criterios de actuación e avaliación, mellorar estruturas e coordinación para unha abordaxe máis integral e elaborar unha guía de documentación común para a práctica.

Composición do Grupo:

Susana Costas Durán, G-2777 (CIM Gondomar), *coordinadora*.
Patricia Rodríguez Villar, G-5631 (CIM Carballo e Zas)
M^a Jesús López Agra, G-1362 (CIM Ponte Caldelas)
José Manuel Valdivia Moreno, G-1940 (CIM Vilagarcía de Arousa)
Beatriz Monroy Cardoso, G-2699 (CIM Bueu)
Margarita de la Calle Bermejo, G-3023 (CIM A Estrada)
M^a Consuelo Cajide Labandeira, G-3594 (CIM Teo)
Lidia Fazanes Estévez, G-3727 (CIM Poio)
Cristina García Núñez, G-3445 (CIM Soutomaior)
M^a Dolores García Graña, G-3047 (CIM Mancomunidade de Ordes)

Reunións:

O grupo de traballo reuniuse en 2 ocasións:

27 de febreiro.
23 de novembro.

Formación:

- Curso “Aspectos xurídicos e probatorios dos procedementos por Violencia de Xénero”
Data: 5, 11 e 12 de abril.
Coordinadoras: Lidia Fazanes Estévez e Susana Costas Durán.
Docentes: María Belén Rubido de la Torre e Yasmín Duque Ramos.
- Curso “Proceso de transición e traballo de acompañamento ás persoas trans e as súas familias”
Data: 26 de novembro.
Coordinadora: Beatriz Monroy Cardoso.
Docente: Carlos Álvarez García.

Grupo de Traballo de Psicoloxía do Envellecemento

Composición do Grupo:

Guadalupe Oroña Quintáns, *coordinadora ata o 3 de febreiro*
Pedro Santamaría Gargamala, *coordinador desde o 3 de febreiro*
María Lueiro Mendoza
Arturo José Pereiro Rozas
Iria Gándara Patiño
Gemma Aneiros Pardo
Romina Mouriz Corbelle
Yago López Pérez, *desde o 31 de maio*

Reunións:

O grupo de traballo reuniuse en 1 ocasión:

3 de febreiro.

Actividades

- IV Encontro Virtual de Psicoxerontoloxía
En colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.
Data: 8 de abril.
Modalidade: Online.
Relatores: Gonzalo Soliño, Sonia Valladares Rodríguez, Carolina Sastre Barrios, José Ángel Abeal Riveiros e Pedro Santamaría Gargamala.

Grupo de Traballo de Interculturalidade

Composición do Grupo:

Pilar Canosa Raña, *coordinadora*
Érika Medina Muñoz
Ommeia Sadek El Shahat, *desde o 7 de xuño*
Giulia Sacchi, *desde o 7 de xuño*

Reunións:

O grupo de traballo reuniuse en 3 ocasións:

7 de febreiro.

7 de xuño.

7 de outubro.

Actividades

- Faladoiro “Reflexións sobre a intervención psicolóxica en diferentes contextos culturais”
Data: 14 de marzo.
Modalidade: Online.
Coordinadora: Pilar Canosa Raña.
Docentes: Pilar Canosa Raña, Érika Medina Muñoz, Giulia Sacchi e Carmen Ballesterio Chavarría.
 - Xornada “Combatendo a discriminación e os estereotipos cara o pobo xitano”
En colaboración coa Facultade de Psicoloxía de Santiago de Compostela e a Fundación Secretariado Xitano.
Data: 15 de novembro.
Lugar: Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela.
Coordinadora: Pilar Canosa Raña.
Docente: Javier León Jiménez.
-
- a) Participación nas Comisións intersectoriais de Deporte (Yago López Pérez), de Mediación (M. Pilar Canosa Raña) e Feminista (Patricia Rodríguez Villar).
 - b) Participación no Consello de Redacción de Cadernos de Psicoloxía (Miguel Moreira Rodera).
 - c) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
 - d) Asistencia a sesión constitutiva do Consello de Inclusión social en A Coruña, o 24 de febreiro.
 - e) Participación no IV Encontro Virtual de Psicoxerontoloxía en colaboración coa USC (Máster en Psicoxerontoloxía), o 8 de abril.
 - f) Participación no I Congreso de Psicoloxía de Emerxencias “Sostendo emocións nas emerxencias” do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia co simposio “Comunicación con persoas maiores vulnerables en situacións de crises e emerxencias” (Pedro Santamaría Gargamala), o 4 de maio.

- g) Asistencia á Xornada "Retos na atención sociosanitaria a persoas coa síndrome de down e discapacidade intelectual", o 24 de maio.
- h) Asistencia en Santiago de Compostela ao 30º aniversario da Asociación de Familiares e Amigos dos Enfermos Mentais Fonte da Virxe, o 24 de xuño.
- i) Participación no curso de verán da Cruz Vermella USC "Envellecer na diversidade: identidade de xénero, ruralidade, situación de discapacidade, estatus socio-económico e inmigración" coa ponencia "A atención socio-sanitaria ás persoas maiores no rural" (Iria Gándara Patiño), o 15 de xullo.
- j) Elaboración e envío de documentación e normativa para o *Estudio del Papel de la Psicología de la Intervención Social en Atención Primaria de Servicios de Servicios Sociales y Competencia Profesionales de los Psicólogos en ese ámbito (IPSSAT)* promovido por Psicofundación e polo Consejo General de la Psicología de España, o 24 de xullo.
- k) Os membros do Grupo de Traballo do Envellecemento, Pedro Santamaría e Iria Gándara, asistiron ás xornadas formativas organizadas por ACDgal (Asociación de Centros de Día Privados de Galicia), o 5 de outubro.
- l) Elaboración e envío de alegacións ao Plan de Acción para a atención a soidade non desexada en Galicia, que se presentou no Consello Galego de Benestar Social, o 24 de outubro.
- m) Reunión con outros colexios profesionais con motivo do *Estudio del Papel de la Psicología de la Intervención Social en Atención Primaria de Servicios de Servicios Sociales y Competencia Profesionales de los Psicólogos en ese ámbito (IPSSAT)*, para a análise da lexislación, o 24 de outubro.
- n) Participación na mesa redonda "Intervención profesional fronte a Soidade non Desexada: una perspectiva interdisciplinar", no marco das Xornadas de Boas Prácticas e Iniciativas para Maiores do Concello de Santiago de Compostela, o 18 de novembro.
- o) Participación de Patricia Rodríguez Villar e Yago López Pérez na Xornada de Formación e Orientación ao Emprego para o Alumnado do Máster en Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, o 12 de decembro.
- p) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía da intervención social.
- q) Ao longo do ano 2024, a Sección de Psicoloxía da Intervención Social deu resposta ás consultas remitidas á Sección no seu ámbito de actuación.

7. COMISIÓNS

7.1. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE MEDIACIÓN

A Comisión Intersectorial de Mediación está formada por unha persoa de cada unha das Seccións nomeada por cada unha destas.

A Comisión ten como obxectivo xeral dar a coñecer e impulsar a aplicación da mediación tanto entre as colexiadas e colexiados como nas institucións e na sociedade en xeral.

Composición da Comisión

Ricardo Fandiño Pascual
Coordinador

Noemí Silva Álvarez
Sección de Psicoloxía e Saúde
Ana M^a Ulloa Lage
Sección de Psicoloxía Educativa
Pilar Canosa Raña
Sección de Psicoloxía da Intervención Social
Carlos Montes Piñeiro
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións
Nuria González Lois
Sección de Psicoloxía Xurídica
Cristina Torrado Tarrío
Grupo de Tráfico e da Seguridade

Reunións:

4 de abril.
3 de xullo.
17 de outubro.

Actividades:

a) Formación:

- a. Xornada “Transformando o contexto educativo: o valor da mediación”
Data: 20 de xaneiro.
Lugar: Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
Coordinadora: Cristina Torrado Tarrío.
Docente: Carme Boqué Torremorell.
- b. Curso “Preparación e facilitación de reunións restaurativas para resolver conflitos”,
o 14 de outubro.
Data: 11 de maio.
Coordinadora: Noemí Silva Álvarez.
Docente: Jean Joseph Schmitz.

- b) Novos contidos para a páxina web do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en relación co seu ámbito.
- c) Reunión con ASEMED (Asociación Española de Mediación) o 14 de xuño. Asisten en representación do COPG Nuria González Lois e Ricardo Fandiño Pascual.
- d) Modificación do acceso e información do listado de profesionais da psicoloxía mediadores a través da páxina web do COPG.
- e) Artigo en *La Voz de Galicia* “Diálogo en las Aulas”, Noemí Silva e Cristina Torrado.

7.2. COMISIÓN INTERSECTORIAL FEMINISTA

Está composta por unha persoa de cada unha das seccións xunto coa coordinadora da Comisión dos Centros de Información á Muller (CIM) e as persoas coordinadoras dos Programas de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e Abramos o Círculo.

Esta Comisión ten como obxectivo principal contribuír á promoción da igualdade na nosa sociedade, enfatizando a visibilización da gravidade e o impacto das violencias machistas así como calquera forma de desigualdade por razón de sexo e/ou xénero; ser un órgano que vele, dende unha ollada transversal para que as actuacións que se levan a cabo dende as diferentes seccións, grupos, programas, etc. do COPG presten especial atención a perspectiva de xénero así como a práctica dunha psicoloxía baseada no coñecemento científico; e promocionar e impulsar a igualdade na nosa práctica profesional así como contribuír a que outras profesións incorporen esta perspectiva na súa práctica.

Composición da Comisión

Concepción Fernández Fernández

Coordinadora

Concepción López Martín

Sección de Psicoloxía Educativa

María Villarino González

Sección de Psicoloxía e Saúde

Carlos Montes Piñeiro

Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións

Concepción Fernández Martínez

Sección de Psicoloxía Xurídica

Patricia Rodríguez Villar

Sección de Psicoloxía da Intervención Social

M^a Luz Losada Somoza

Coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

Rubén Villar Trencó

Coordinador do Programa Abramos o Círculo

Beatriz Monroy Cardoso

Membro do Grupo de Traballo dos CIMs

Reunións:

Celebráronse 5 reunións nas seguintes datas:

27 de febreiro.
16 de abril.
18 de xuño.
10 de setembro.
5 de novembro.

Actividades:

- a) Deseño e coordinación do curso “Proceso de transición e traballo de acompañamento ás persoas trans e as súas familias”, celebrado o día 26 de novembro e impartido polo psicólogo Carlos Álvarez García.
- b) Publicación do “Álbum 12 psicólogas para 12 meses”, iniciado no mes de marzo coa psicóloga Mercedes Rodrigo Bellido, co obxectivo de visibilizar a aportación das psicólogas académicas e profesionais á construción e desenvolvemento da Psicoloxía científica e profesional.
- c) Publicación de 2 entrevistas, a primeira no xornal *El Correo Gallego*, sobre a carga mental feminina, e a segunda na Radio Galega, sobre as agresións sexuais no ámbito político a raíz do caso de Errejón.
- d) Participación na Xornada de traballo interdisciplinar do proxecto “Percepción sobre a violencia sexual e o consentimento sexual. Análise de riscos e implicacións para a prevención no ámbito universitario”, celebrada o 24 de outubro no Centro de Estudos Avanzados da USC.
- e) Publicación da Declaración Institucional con motivo do 25N, centrada en recoñecer os avances acadados nos 20 anos de Lei contra a violencia de xénero e renovar o compromiso coa loita pola erradicación definitiva, esixindo que se garanta o acceso á atención psicolóxica e sanitaria no sistema público de saúde, e garantir servizos e recursos suficientes para erradicar as violencias e construír unha sociedade máis xusta e igualitaria.
- f) Deseño e difusión en redes sociais da campaña institucional do Colexio “Xuntas contamos máis. Conta coa Psicoloxía”, dirixida a colocar a mirada na necesidade de contar cun bo apoio social e de profesionais e recursos da psicoloxía para facer fronte á violencia machista, presentando os diferentes programas e servizos que en materia de prevención de violencias machistas e intervención psicolóxica con vítimas ofrece o COPG.
- g) Participación nas XV Xornadas Estatales do Consejo General de la Psicología contra a Violencia de Xénero, celebradas en Santander os días 21, 22 e 23 de novembro, co lema “Violencia de Género a lo largo de la Vida de las Mujeres”.
- h) Elaboración de diversos comunicados.
- i) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7.3. COMISIÓN INTERSECTORIAL DE PSICOLOXÍA DO DEPORTE

Composición:

M^a Carmen González Hermo
Coordinadora
M^a Dolores González Fernández
Eva M^a García Quinteiro
Graciela Lois Río
Julio Manuel Prol Bao
José Antonio Barcia Tucelli
Delfina Vicente Santiago
Sección de Psicoloxía e Saúde
Carolina Tinajero Vacas
Sección de Psicoloxía Educativa
Antonio Esteban Fuertes Saavedra
Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións
M^a Dolores Seijo Martínez
Sección de Psicoloxía Xurídica
Yago López Pérez, *desde xaneiro de 2024*
Sección de Psicoloxía da Intervención Social
Santiago López Roel, *desde xaneiro de 2024*

Reunións:

Celebráronse 2 reunións nas seguintes datas:

26 de xaneiro.
27 de decembro.

Formación:

- Curso “Claves para a mellora do rendemento deportivo a través da psicoloxía”
Data: 25 de maio.
Coordinadora: M^a Carmen González Hermo.
Docentes: Santiago López Roel.

Actividades

- a) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- b) Sinatura do convenio coa Fundación Deporte Galego para a prestación de servizos de psicoloxía a deportistas DGAN, o 22 de xaneiro.
- c) Colaboración, en febreiro de 2024, nunha xornada de sensibilización dos valores deportivos “Cohesión e deporte” co Crocha Balonpé, na Pobra do Caramiñal, no que se tratou o bo trato na práctica deportiva, o risco de bullying e os valores que guían o deporte.
- d) A coordinadora da Comisión reuniuse en dúas ocasión coa Oficina de Atención ao Deportista, Fundación Deporte Galego, os días 28 de febreiro e o 4 de decembro.
- e) En abril finalizouse o “Estudo colaborativo interprofesionais: Hábitos saudables en menores con DM Tipo 1”, no que participaron un total de dez responsables e colaboradores/as do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, da Asociación Anedia, do Colexio Oficial de Dietistas-Nutricionistas de Galicia, e do Colexio Oficial de Educadores/as Físico Deportivos/as de Galicia. O 12 de xuño Antonio Fuertes Saavedra asiste ao acto de presentación do mesmo no Concello de Pontevedra.
- f) Reunión con entidades sociosanitarias e coa Concellería de Benestar Social Municipal e Deportes do Concello de Pontevedra para a planificación da Feira Pontesán, o 27 de maio.
- g) Entre o 13 e o 15 de xuño, no marco do XVIII Congreso de Psicología de la Actividad Física y del Deporte, organizado pola Associació Catalana de Psicologia de l'Esport (ACPE), baixo o lema «Deporte, Bienestar y Salud», acudiu M^a del Carmen González Hermo como Coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte do COPG e presentou a comunicación libre póster titulada «Carreiras populares como ferramenta de inclusión de persoas con diversidade intelectual no ámbito rural».
- h) Participación na Feira Pontesán cun stand e cunha charla de presentación do proxecto do “Estudo dos hábitos saudables de autocoidado, alimentación e actividade física entre a poboación infantil e xuvenil galega con diabetes tipo 1”, o 27 de setembro.
- i) M^a Carmen González Hermo e Iago López Roel participaron como poñentes no 9º Congreso Iberoamericano de Psicoloxía do Deporte, baixo o lema «Investigación, innovación y aplicación en la Psicología del Deporte Iberoamericana», nos simposios “Desafíos e oportunidades da psicoloxía do deporte en Galicia” e “A formación psicolóxica de adestradores no fútbol galego” respectivamente; os días 16 e 18 de outubro.
- j) Participación na mesa redonda “A violencia de xénero no deporte: visión e contexto” coa ponencia “Violencia de xénero no deporte: detección e actuación”, que se celebrou o 26 de novembro, organizada pola UNESCO e a Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da UVigo.
- k) No servizo de atención psicolóxica a deportistas DGAN participaron 8 profesionais especialistas en Psicoloxía do Deporte e Actividade Física e unha profesional habilitada para o exercicio

sanitario con formación en Psicología do Deporte. No programa contactouse cun total de 49 deportistas cos que se realizaron 138 sesións.

- l) Colaborouse coa entidade SOS Racismo na difusión dunha enquisa para valorar o estado das actitudes racistas en España en deportes coma o fútbol e o baloncesto.

7.4. COMISIÓN DE CULTURA E SOCIEDADE

Composición:

Concepción Fernández Fernández, *coordinadora*
Concepción Rodríguez Pérez
José Luis Domínguez Rey

Actividades

a) XVI Concurso Literario de Poesía e Narrativa do COPG: Rosa de Cen Follas.

Xurado:

M^a Rosa Álvarez Prada, *Decana*
Concepción Fernández Fernández, *coordinadora da Comisión de Cultura e Sociedade*
Concepción Rodríguez Pérez, *membro da Comisión de Cultura e Sociedade e escritora*
Xoel Gómez, *xornalista*
Iolanda Rodríguez Aldrey, *escritora*

Presentáronse un total de 24 obras, das cales 7 foron na modalidade de poesía e 17 na de narrativa.

O xurado da XVI Edición do Concurso Literario do Colexio Oficial de Psicología de Galicia “Rosa de Cen Follas” acordou por unanimidade outorgar o premio ás seguintes obras:

Modalidade de narrativa:

Gañadora

Título: *Pequena achega*.

Autora: Marisa Vidal Collazo.

Mención especial

Título: *Merece a pena vivir morrendo?*

Autora: Leticia Río López, colexiada G-6321.

Modalidade de poesía:

Gañadora

Título: *Esférica*.

Autora: Irene Quinteiro Blanco, antiga colexiada G-5494.

Mención especial

Título: *Tal como as nubes que impele o vento.*

Autora: Noela Vázquez Ledo, colexiada G-6209.

A entrega dos premios celebrouse o martes 10 de decembro no Consello da Cultura Galega (Pazo de Raxoi, 2º andar. Praza do Obradoiro, s/n. Santiago de Compostela).

b) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

7.5. COMISIÓN DE ACREDITACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES SANITARIAS

Comisión creada pola Xunta de Goberno para atender a necesidade de valorar o currículo formativo consonte o regulado na disposición adicional sétima da Lei 33/2011, de 4 de outubro, de Saúde Pública pola que se mantén o procedemento transitorio previsto no número 2 da disposición adicional sexta da Lei 5/2011, de 29 de marzo, de Economía Social en relación ao exercicio de actividades sanitarias realizadas por titulados e tituladas universitarias de Licenciatura ou Grao en Psicoloxía.

Composición da Comisión

Mª Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG.*

Xacobe Abel Fernández García, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*

María Villarino González, *secretaria da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Reunións

A Comisión reuniuse en 5 ocasións en 2024. Resolvéronse 3 expedientes positivos e 5 negativos (3 dos expedientes da mesma persoa colexiada, resoltos nas datas 15/05/2024, 05/08/2024 e 19/12/2024).

7.6. COMISIÓN DE VALORACIÓN AUTONÓMICAS DAS ACREDITACIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía de Emerxencias e Catástrofes:**

Composición:

Mª Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG.*

Ana M^a Núñez Rubines, *coordinadora do GIPCE e vogal da Xunta de Goberno coordinadora co GIPCE.*

Olegaria Mosqueda Bueno, *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.*

Julita M^a Touriño Araújo *membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicooncoloxía e/ou Psicoloxía en Coidados Paliativos:**

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG.*

José Berdullas Barreiro, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinador coa Sección de Psicoloxía e Saúde.*

Xacobe Abel Fernández García, *presidente da Sección de Psicoloxía e Saúde*

Noelia Pita Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde.*

Sabela Maceda García, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde.*

Rebeca Deus Fernández, *psicóloga clínica e socia da Sección de Psicoloxía e Saúde.*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Deporte:**

Composición:

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG e coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.*

M^a Dolores González Fernández, *membro da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.*

Constantino Arce Fernández, *membro da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte.*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Aeronáutica:**

Composición:

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG.*

Evangelina Muíño Gómez, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.*

M^a Jesús Sánchez Peteiro, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade.*

Carlos Gestal Gestal, *membro do Grupo de Tráfico e Seguridade.*

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía Educativa:**

Composición:

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG*.

M^a Begoña Castro Iglesias, *vogal da Xunta de Goberno do COPG e coordinadora coa Sección de Psicoloxía Educativa*.

Manuela del Palacio García, *presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa*.

Ana M^a Ulloa Lage, *vicepresidenta da Sección de Psicoloxía Educativa*.

M^a Asunción Teijeira Bautista, *secretaria da Sección de Psicoloxía Educativa*.

Concepción López Martín, *vogal da Sección de Psicoloxía Educativa*.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía da Intervención Social**:

Composición:

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG e coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía do Deporte*.

Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, *secretaria do COPG e coordinadora coa Sección de Psicoloxía da Intervención Social*.

Guadalupe Oroña Quintáns, *presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*.

Miguel Moreira Roder, *vicepresidente da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*.

Sara Roldán Álvarez, *vogal da Sección de Psicoloxía da Intervención Social*.

- Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de **Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía do Tráfico e da Seguridade**:

Composición:

M^a Carmen González Hermo, *vicesecretaria do COPG*

M^a Jesús Sánchez Peteiro, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade*

Pilar Casal Devesa, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade*

María Mariño Barca, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade*

Rosa M^a Domínguez Cameán, *membro da Comisión Coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade*

Reunións:

22 de xaneiro, 13 de maio, 15 de maio, 26 de xuño e 9 de outubro.

Valoráronse un total de 22 expedientes, 17 de xeito positivo e 5 requirindo documentación adicional (3 dos expedientes da mesma persoa colexiada, resoltos nas datas 13/05/2024, 26/06/2024 e 09/10/2024, e os outros 2 expedientes da mesma persoa colexiada, resoltos nas datas 15/05/2024 e 26/6/2024).

8. GRUPOS DE TRABAJO

8.1. GIPCE. GRUPO DE INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Composición da Comisión Coordinadora

Ana M^a Núñez Rubines
Coordinadora
Julita M^a Touriño Araújo
Secretaria
M^a Carmen González Hermo
Área de formación e área de intervención
Concepción López Martín
Área de formación
Olegaria Mosqueda Bueno
Área de documentación e comunicación
Ermitas Acevedo Rego
Área de intervención

Reunións

Celebráronse 11 reunións nas seguintes datas:

8 de xaneiro.
5 de febreiro.
4 de marzo.
8 de abril.
6 de maio.
17 de xuño.
15 de xullo.
2 de setembro.
7 de outubro.
4 de novembro.
9 de decembro.

Actividades

a) Formación:

- Xornada interna de autocoidado GIPCE: “Xestión e manexo da información como ferramenta de coidado”.
Data: 3 de febreiro.
Docentes: Lorena Nieto Iglesias, Hafdallah Menni el Ouali e M^a del Carmen Gonzalez Hermo.
- Curso “A ética psicolóxica de emerxencias. A dúbida que suma”

Data: 23 de novembro.
Docente: Jordi García Sicard.

b) Intervencións

Durante 2024 houbo un total de 18 intervencións directas e 17 asesoramentos telefónicos, 15 avisos 112 por protocolo, 4 alertas e 2 alertas por activación do PLATERGA.

Centros ensino:

2 de xaneiro en Vilaxoán.
26 de xuño en Lugo.

Intervencións por violencia de xénero:

5 de outubro en Vilaboa (Pontevedra).

Intervencións en accidentes de tráfico:

25 de xaneiro e 6 de febreiro en Brión.
31 de xaneiro en Cospeito.
4 de xullo en Carballo.
8 de xullo en Vilagarcía.

Intervencións noutros accidentes:

24 e 25 de xaneiro en Rubiá (Ourense).
17 de febreiro en A Cañiza (Pontevedra).
30 de marzo en Ourense.
8 de maio en Vilagarcía.
10 de maio e 21 de maio en Castellón.
25 de maio en Vigo.
6 de agosto en Matamá (Vigo).
15 e 16 de agosto en Pontevedra.
28 de setembro en Sanxenxo.
28 de setembro en Ares.

Intervencións en naufraxios e accidentes no mar:

13 e 14 de abril en Cangas.

24 de xullo en Baiona.
19 de setembro en Sada.

Suicidios:

10, 11 e 12 de xaneiro en Mondoñedo.
30 de xaneiro e 1 de febreiro en Vilagarcía.
8 e 9 de febreiro en Valga.
23 de setembro en Vigo.
20 de outubro en A Coruña.
24 e 25 de outubro en Vigo.
22 de novembro en A Coruña.

Outras intervencións:

5 de xaneiro no Rosal.
12 e 13 de xaneiro en Guntín (Lugo).
9 de febreiro en Fene (Ferrol).
2 de abril en Narón.
8 de abril, asesoramento telefónico.
4 de xuño, asesoramento telefónico.
6 de decembro en Cerceda.

Simulacros:

• Simulacro no Aeroporto Rosalía de Castro en Santiago de Compostela.

O 15 de marzo de 2024 realizouse un Simulacro de accidente aéreo no Aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela polo que se activa o PLATERGA en NIVEL 2 e tamén o plan de atención a vítimas e familiares.

O obxectivo deste simulacro era avaliar o Plan de Autoprotección do Aeroporto Rosalía de Castro de Santiago de Compostela e as súas capacidades de resposta e eficiencia de todos os servizos que interveñen.

Por parte do GIPCE asistiron cinco integrantes do GI-112 e catro integrantes do GIPCE-COPG, sendo coordinado por Ana M^a Nuñez.

A coordinadora asistiu ás reunións preparatorias celebradas o 25 de xaneiro, 12 de febreiro, 21 de febreiro e 11 de marzo. Á reunión de conclusións celebrada o 15 de abril asistiu M^a Carmen González.

• Simulacro polo Plan de Emerxencia Exterior de GASIB-Maside.

O 28 de maio do 2024 levouse a cabo un simulacro de CATEGORÍA 2 na empresa GASIB-Sociedad Ibérica de Gas LICUADO S.L.U. en Maside (Ourense), provocado por un derrame de propano con risco de deflagación.

Os obxectivos deste simulacro eran a comprobación dos procedementos de activación, mobilización e constitución dos diferentes grupos operativos do PEE; a coordinación entre o PEI do establecemento e o PEE, o adestramento do sistema de comunicacións do PEE e a realización de probas de son da serea de avisos á poboación.

Asistiron 4 gipces: dous do grupo de intervención GI-112 e dous do grupo de formación GIPCE-COPG. Foi coordinado por Ana M^a Núñez Rubines.

• **Simulacro de accidente aéreo no aeroporto de Alvedro - A Coruña.**

O 25 de xuño recíbese desde o 112 chamada de alerta por simulacro de secuestro dun avión no Aeroporto de Alvedro- Coruña. Non houbo mobilización de gipces para este simulacro.

• **Simulacro de activación polo PEE de A Grela-Bens.**

O 15 de outubro recíbese alerta por simulacro de activación do PEE de A Grela-Bens. Non houbo mobilización de gipces para este simulacro.

c) **Alertas:**

3 de xullo en Belesar (Lugo).
13 de novembro en O Grove.
15 de novembro en Vedra.
26 de novembro en Vilagarcía.

d) **Alertas por activación do PLATERGA:**

26 de marzo en Lugo.
11 de maio en Tomiño.

e) **Avisos 112:**

3 de xaneiro en Vigo.
10 de febreiro na Cañiza (Pontevedra).
2 de marzo en Curtis.
3 de marzo en Ames.
9 de abril en Begonte (Lugo).
19 de maio en Sigüeiro.
6 de xuño Teo.
25 de xullo en Vigo.
14 de agosto en Dumbría (A Coruña).
20 de agosto en Redondela.

3 de setembro en Santiago de Compostela.
25 de setembro en Mugardos.
28 de setembro en Sanxenxo.
1 de novembro en Fisterra.
28 de novembro en Arteixo.

f) Outras solicitudes de intervención:

A través do 112:
19 de febreiro na Cañiza.
15 de maio en Cangas.
9 de xullo en Belesar.

A través do COPG:
4 de novembro atención telefónica aos afectados pola DANA de Valencia.
8 e 10 de novembro en Baiona.
19 e 26 de novembro na Coruña.

g) Actividades informativas

- O 3 de febreiro realizouse a **reunión anual** para todo o grupo en modalidade presencial, coincidindo coa Xornada de autocoidado organizada polo GAI, na que se lles informou de todo o traballo realizado desde o GIPCE durante o ano 2023.
- No 2024 non se celebrou a **reunión informativa dos novos membros do GIPCE-COPG**. Nela informáshalles do funcionamento e do traballo realizado desde o GIPCE, así como dos requisitos para manterse no Grupo e pasar ao Grupo de intervención GI-112.
- Durante o ano 2024 tamén se traballou para manter actualizadas tanto a páxina web do GIPCE como a Circular Informativa do COPG.

h) Formación impartida

O grupo de formación está formado por 11 membros do grupo de intervención, GI-112: M^a Carmen González, Olegaria Mosqueda, Elsa Rodríguez, M^a Carmen Patiño, M^a Luz Losada, Aurora Rozadilla, Concepción López, Elena González, Raquel Malvárez, Julita Touriño e Ana M^a Núñez Rubines.

Impartíronse as seguintes actividades formativas:

- Cursos para colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia que se organizaron durante o ano 2024:

- O 15 de febreiro tivo lugar a charla "Psicoloxía para tempos distópicos" dentro do "Falamos: Ciclo de experiencias compartidas do COPG". Impartida o 15 de febreiro por Concepción López Martín. Tivo unha hora de duración e realizouse en formato webinar.

- Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP):
 - Nova edición do curso "Apoio psicolóxico básico e manexo de estrés en situacións críticas de emerxencias"
Data: 10 e 11 de abril.
Docente: Olegaria Mosqueda Bueno.

- Cursos para profesionais de emerxencias e profesionais sanitarios a través do SERGAS:
 - Curso "Comunicación de malas noticias para profesionais de emerxencias"
Data: 13 de xuño.
Docente: M^a Elsa Rodríguez Viña.

- Formacións para a Universidade de Santiago de Compostela:
 - Seminario sobre o funcionamento do GIPCE e a intervención con menores en emerxencias para o alumnado da materia "Intervención psicosocial en emerxencias e catástrofes" do Máster de Psicoloxía na Facultade de Psicoloxía da USC.
Data: 7 de marzo.
Docente: Concepción López.
 - Seminario sobre o funcionamento do GIPCE e a intervención con menores en emerxencias para o alumnado do Máster de Psicoloxía Xeral Sanitaria na Facultade de Psicoloxía da USC.
Data: 15 de abril.
Docente: Ana M^a Núñez.
 - Taller sobre Debriefing para estudantes da materia "Intervención psicosocial en crise e trauma" do Máster de Psicoloxía na Facultade de Psicoloxía da USC.
Data: 22 de abril.
Docentes: Concepción López e Ana M^a Núñez.
 - Xornada de Formación e Orientación ao Emprego para o Alumnado do Máster en Psicoloxía da USC, organizado desde o Colexio oficial de Psicoloxía de Galicia.
Data: 12 de decembro.
Participa: Ana M^a Núñez.

- Para outros organismos:

- Participación nas III Xornadas de Responsables de Comunicación en Centros 112 España celebradas na Academia Galega de Seguridade Pública. Participaron Ana M^a Núñez, coordinadora do GIPCE, e Eliana Martíns, responsable do Gabinete de Comunicación do COPG. Data: 5 de abril.
- Charla sobre “Comunicación de malas noticias”, na III Xornada de Saúde Mental Policial SAÚDEPOL na Comisaría de Policía de Ourense. Data: 28 de abril. Docente: Ermitas Acevedo.
- Participación no III Simposio Online de Intervención en emerxencias e catástrofes organizado dende a Universidade Internacional de Valencia, que este ano se celebrou co lema “A xestión emocional despois dunha emerxencia ou catástrofe”. Participou Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE, nunha mesa redonda co relatorio “A Saúde Mental en profesionais de emerxencias” e impartiu o taller “Sostendo emocións en intervenientes trala emerxencia”. Data: 29 de maio.
- Realización de catro talleres formativos por Ana M^a Núñez Rubines sobre “Primeiros auxilios psicolóxicos en crisis humanitarias” para profesionais da Psicoloxía de México organizados pola Fundación PREVEN A.C. e FEMACPE Salud de México. Data: do 13 de maio ao 3 de xuño.
- Participación na II Webinar da Rede Iberoamericana de Psicoloxía de Emerxencias sobre a Intervención Psicolóxica en Crises en Contextos Educativos. Ana M^a Núñez impartiu o relatorio “Intervención psicolóxica por morte súbita nun centro educativo”. Data: 12 de xuño.
- Participación no Curso Online sobre Comunicación de Malas Noticias organizado por ViveCNP e dirixido a policía nacionais. M^a Carmen González foi a encargada de impartir unha conferencia sobre comunicación de malas noticias. Data: 18 de xuño.
- Ana M^a Núñez participou co relatorio “Accións preventivas para o coidado da saúde mental da sociedade civil no contexto de emerxencias e desastres” nas IV Xornadas de actualización en saúde mental en emerxencia e desastres, organizadas pola Secretaría Regional Ministerial de Salud de Chile, Universidad Arturo Prat del Estado de Chile, Universidad Santo Tomás, Red Iberoamericana de Psicología de Emergencias (RIPE), Consejo General de la Psicología de España e Psicofundación. Data: 28 de xuño.
- Ana Núñez impartiu a conferencia maxistral “Autolesións na adolescencia, Como afrontalas?” no marco do 4º Congreso Internacional e 5º Simposio Nacional sobre a Prevención do Suicidio e Promoción da Saúde Mental en nenos, nenas, adolescentes e grupos vulnerables. Data: 30 de agosto.
- Curso “Primeiros Auxilios Psicolóxicos” organizado desde a Confederación de Empresarios de Coruña en formato híbrido e impartido por Elsa Rodríguez Viña. Data: 15 de outubro.
- Participación nas VIII Jornadas de Intervención Psicológica en Emergencias del COPPA: “Intervención Psicológica en Accidentes de Tráfico” do Colexio Oficial de Psicoloxía do

Principado de Asturias. Ana M^a Núñez Rubines impartiu a conferencia “Intervención Psicolóxica con profesionais intervinientes nos accidentes de tráfico”. Data: 19 de outubro.

- M^a Carmen González Hermo e Lorena Nieto impartiron o curso “A Importancia do silencio nas intervencións” para o Grupo de Intervención Psicolóxica en Emerxencias e Catástrofes do Colexio Oficial de Psicoloxía das Illas Baleares. Foi realizado en formato webinar. Data: 15 de novembro.
- Participación de Ana M^a Núñez e Concepción López Martín na Ventana Sistémica da FEATF baixo o título “Saldremos de ésta: Intervencións sistémicas en crises”, na que se abordou a intervención psicolóxica na catástrofe pola DANA en Valencia. Data: 11 de decembro.

i) Colaboración con outras institucións

- **Colaboración co Proxecto Mentoring da USC:**

Participación na IX Edición do Proxecto Mentoring organizado pola Universidade de Santiago de Compostela. Ana M^a Núñez Rubines mentorizou a un alumno do Máster Universitario en Psicoloxía, especialidade Intervención Social e Comunitaria, da USC entre marzo e xuño do 2024. Durante este tempo realizáronse catro reunións nas que se asesorou e deu resposta a inquedanzas que o alumno mostraba para prepararse e chegar a converterse nunha profesional da Psicoloxía.

O 28 de xuño tivo lugar o acto de clausura do Proxecto Mentoring no salón de actos do Colexio de Fonseca, que foi presidido pola vicerreitora de Estudantes e Cultura, Pilar Murias.

- **Colaboración do GIPCE co Proxecto LifeStrand do Programa da UE Erasmus + KA2:**

Participación nas Xornadas organizadas na Facultade de Medicina da USC, entre o 19 e 21 de febreiro, e na Universidade de Porto, o 22 e 23 de febreiro, para o Proxecto LIFESTRAND (Life Support Training and Dissemination for Higher Education Institutions and Community Representatives living in Military Risk Areas of Ukraine and Georgia - Capacitación e difusión de soporte vital para institucións de Educación Superior e representantes comunitarios que viven en áreas de risco militar de Ucraína e Georgia-) contemplado dentro do Programa Erasmus+ KA2 Capacity Building Projects in the Field of Higher Education with Ukrainian Partners.

Neste proxecto colaboran: Universidade de Santiago de Compostela (España); Sociedade Española de Médicos de Atención Primaria Semergen (España); Petre Shotadze Tbilisi Medical Academy LLC (Georgia); Universidade Médica Estatal de Tbilisi (Georgia); Universidade Alte (Georgia); Universidade Grigol Robakidze (Georgia); Universidade de Porto (Portugal); Universidade Médica Nacional Horbachevsky Ternopil, do Ministerio de Saúde de Ucraína; Establecemento estatal “Universidade Médica Estatal de Lugansk”, e a Universidade Médica Estatal de Poltava.

Asistiron 35 profesionais da Medicina procedentes de Ucraína e Georgia que foron adestrados/as en soporte vital, primeiros auxilios e apoio psicolóxico en situacións de emerxencia para que, unha vez que regresen aos seus países, poidan formar a outras e outros profesionais docentes e sanitarios.

O día 19, a vogal de Xunta de Goberno, Concepción Fernández Fernández, asistiu ao acto inaugural das xornadas en representación do COPG. E o día 20 as GIPCEs Ana M^a Núñez Rubi-nes e M^a Carmen González Hermo desenvolveron un módulo dedicado á avaliación e apoio psicolóxico en situacións de emerxencia.

j) Membros GIPCE-COPG e GIPCE-112

O número de membros totais do GIPCE ao finalizar o ano 2024 foi de 74 persoas, 34 membros do grupo de intervención GIPCE-112 e 40 membros do grupo de formación GIPCE-COPG.

Durante o ano 2024 entraron a formar parte do GIPCE-COPG 3 novos psicólogos e psicólogas colexiadas. Estes membros están sendo formados para poder entrar a formar parte do GIPCE-112. Houbo 1 baixa no grupo de formación por non cumprir de forma reiterada cos requisitos anuais de asistencia á formación.

Comezouse o ano 2024 con 34 membros do GIPCE-112, mantéñense os que había ao rematar o 2023.

Os compañeiros e compañeiras que integran o GI-112 son as persoas encargadas das gardas e intervencións que temos durante todo o ano. De cara ao vindeiro ano será un obxectivo prioritario reforzar en membros ao GI-112.

k) Grupos de traballo

Grupo de gardas

Formado por 15 xefas de garda. Este grupo está formado por GIPCEs do grupo de intervención GI-112 encargadas de realizar gardas telefónicas que permitiron dar cobertura as 24 horas do día dos 365 días do ano a todas as demandas do 112 de atención en emerxencias.

As compoñentes son: Ana M^a Núñez Rubines, Aurora Rozadilla Arias, M^a Carmen Patiño García, Concepción López Martínez, Elena González Cid, M^a Elena Seoane de la Fuente, Fátima López Rodríguez, Isabel Cabado Fidalgo, Isabel Vázquez Prado, Julita M^a Touriño Araujo, Lorena Nieto Iglesias, M^a Carmen González Hermo, M^a Luz Losada Somoza, Olegaria Mosqueda Bueno e M^a Elsa Rodríguez Viña.

A xuntanza anual celebrouse o 27 de xaneiro.

Grupo de apoio a intervinientes (GAI)

O GAI é o Grupo de Apoio a Intervenientes formado na actualidade por 3 integrantes do GIPCE: Lorena Nieto Iglesias (coordinadora), M^a Carmen González Hermo e Hafdallah Menni El Ouali. Este grupo é o encargado de promover o coidado e a cohesión entre todos os e as integrantes do GIPCE e de proporcionar o acompañamento necesario a aqueles membros do GIPCE que o demanden tras unha intervención.

Reunións:

8 de xaneiro.

11 de abril.

O día 3 de febreiro organizaron unha xornada interna de autocoidado para os integrantes do GIPCE baixo o título *“Xestión e manexo da información como ferramenta de autocoidado”*.

Tamén impartiron o 15 de novembro unha formación para o GIPEC do Colexio Oficial de Psicoloxía das Illas Baleares sobre a importancia do silencio nas intervencións.

Grupo de Traballo para Plans de Emerxencia Exterior

Formado pola coordinadora do GIPCE Ana M^a Núñez Rubines e tres GIPCEs que figuran como suplentes da mesma en cada unha das provincias: Ermitas Acevedo Rego (provincia de Ourense), M^a Carmen González Hermo (provincia da Coruña e Lugo) e Julita M^a Touriño Araújo (provincia de Pontevedra).

Encárganse de elaborar a documentación necesaria para poder desenvolver as intervencións no caso de que se active algún destes Plans de Emerxencia Exterior (PEE) e da asistencia ás reunións que se convoquen para a preparación do plan da coordinación dos simulacros correspondentes.

Grupo de Traballo para Plan de Emerxencias Interno

Formado pola Coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez Rubines, e Concepción López Martín, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

No ano 2024 quedou pendente a revisión deste Plan de Emerxencias Interno.

Grupo de Traballo sobre Violencia de Xénero

O Grupo sobre violencia de xénero está composto por cinco membros do GIPCE que tamén forman parte do Programa da Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero: Julita M^a Touriño Araújo (coordinadora), Antonia San Martín García, Juan Carlos Prados Moreno, M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

Este grupo creouse co cometido da elaboración dun díptico interno con pautas de actuación nas intervencións en emerxencias de violencia de xénero nas que hai morte por asasinato da muller e/ou seus fillos. O díptico está rematado.

Actualmente está pendente a revisión do deseño para realizar os trámites para o rexistro da propiedade intelectual para poder imprimir e difundir.

Grupo de Traballo protocolo de intervención grupal en centros educativos

No ano 2024 estableceuse como obxectivo a elaboración de materiais complementarios aos que se elaboraron anteriormente para dar resposta ás demandas de charlas, seminarios e obradoiros que están chegando desde distintos centros educativos. Está pendente de determinar o enfoque e de nomear integrantes.

Grupo de Traballo para a elaboración do manual de Xefas de Garda.

No ano 2021 creouse este grupo cuxo obxectivo é a elaboración dun manual para as Xefas de Garda do GIPCE. Neste grupo participan Olegaria Mosqueda Bueno, Julita Mª Touriño Araújo e Ana Mª Núñez Rubines.

Grupo de Traballo de elaboración de material sobre diversidade e multiculturalidade.

Creouse este grupo, coordinado por Hafdallah Menni El Ouali, co obxectivo de elaborar unha guía que recolla os costumes e as características do dó nas distintas culturas. Esta guía pasará a formar parte do material de intervención para que cando xurda unha intervención con vítimas doutra relixión ou doutra cultura se teñan os coñecementos básicos que permitan intervir respectando os seus costumes. Está formado por 3 gipces: Hafdallah Menni, Lorena Nieto e Elena González.

Grupo de Traballo de boa praxe nas emerxencias

Este grupo foi creado a nivel estatal polo coordinador da Área de Intervención Psicolóxica en Emerxencias, Javier Torres Ailhaud. Está formado por ex-coordinadores e coordinadoras dos diferentes GIPCEs de España e ten como obxectivo elaborar un código ou decálogo de boas prácticas na intervención en emerxencias a nivel nacional. Representando ao GIPCE do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, forma parte deste grupo Ana Mª Núñez Rubines.

A guía foi rematada durante o 2023 e o 2024 foi presentada no I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias, celebrado entre o 2 e o 4 de maio en Santiago de Compostela, en formato charla dentro dun Simposio e en formato póster. Tamén se presentou no XIII Congreso Iberoamericano de Psicoloxía e 6º Congreso da Ordem dos Psicólogos Portugueses, celebrado en Lisboa entre o 25 e o 27 de setembro, en formato póster.

No mes de decembro recibíronse os exemplares en formato papel que serán distribuídos entre os membros do grupo de intervención GI-112. Tamén está publicada no apartado de documentación da páxina web e na Circular Informativa.

Grupo estatal para a redacción dunha *newsletter* de emerxencias

En setembro de 2023 creáse un novo grupo de traballo a nivel estatal formado polo Coordinador Estatal e as coordinadoras de Melilla, Tenerife, Gran Canaria, A Ríoxa e Galicia. Durante o 2024 incorporouse

ao equipo a coordinadora de Navarra. Ana M^a Núñez Rubines forma parte do mesmo, representando a Galicia.

O obxectivo do grupo é crear unha *Newsletter* a nivel estatal para divulgar o traballo que se está facendo desde os distintos grupos de Psicoloxía de Emerxencias en España. Será enviada a COPS, Institucións públicas e privadas, Ministerios, Administración autonómica e local, asociacións, ONGs, EFPA, FIAP, Universidades (España e Iberoamérica), Forzas e Corpos de Seguridade, Bombeiros, etc.

Durante o 2024 publicáronse dúas edicións, unha en xaneiro e outra en xullo.

l) Comité de valoración de novas solicitudes de ingreso

Creado a partir da aprobación do Regulamento Interno do GIPCE en xuño de 2016, esta composto por catro persoas:

Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE.

M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria da Xunta de Goberno do COPG.

Concepción López Martín, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

Ermitas Acevedo Rego, membro da Comisión Coordinadora do GIPCE.

A función deste comité é valorar as novas solicitudes e o cumprimento dos requisitos tanto de ingreso como de permanencia dentro do Grupo recollidos no Regulamento Interno do GIPCE.

A xuntanza mantida no 2024 foi o 28 de marzo.

Durante o ano 2024 aprobáronse 3 solicitudes de incorporación ao GIPCE-COPG.

m) Participación na Comisión de Valoración Autonómica da Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicoloxía en Emerxencias e Catástrofes.

Dado que o COPG é o encargado de acreditar por delegación do Consejo General de la Psicología de España, designouse un comité de valoración das solicitudes que se presenten para posteriormente remitilas ao Consejo. O comité aprobado pola Xunta de Goberno do COPG está formado por: Ana M^a Núñez Rubines, coordinadora do GIPCE; M^a Carmen González Hermo, vicesecretaria do COPG; Julita M^a Touriño Araújo, secretaria do GIPCE, e Olegaria Mosqueda, da Comisión Coordinadora do GIPCE.

Durante o ano 2024 non houbo ningunha solicitude de acreditación como psicólogo/a experto/a en Psicoloxía de Emerxencias.

n) Participación en campañas de concienciación e sensibilización social.

Durante o 2024 participou, xunto con outros profesionais do COPG, no deseño da campaña polo Día para a prevención do suicidio que se conmemora cada ano o 10 de setembro.

- o) Participación en distintos medios de comunicación con entrevistas no ámbito da psicoloxía das emerxencias e das catástrofes.
- p) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.
- q) Elaboración de documentación:
 - o Protocolo de activación do GIPCE en casos de desaparicións para que outros grupos coñezan o funcionamento, en que situacións poden activar ao GIPCE e como activalo.
 - o O 1 de agosto publicouse o artigo: “La importancia el Programa de Atención Psicológica implementado durante el Confinamiento” na revista Psicothema no que participou a coordinadora do GIPCE, Ana M^a Núñez.
- r) I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias «*Sostendo emocións nas Emerxencias*»

Entre o 2 e o 4 de maio de 2024 celebramos en Santiago de Compostela o I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias «*Sostendo emocións nas Emerxencias*».

Neste congreso pioneiro dentro da Psicoloxía de Emerxencias no conxunto do Estado, déronse cita profesionais deste ámbito para expoñer coñecementos e compartir experiencias sobre diversos aspectos da atención psicolóxica nas situacións de emerxencia. Durante tres días abordamos a importancia da intervención psicolóxica en emerxencias para axudar ás persoas e ás comunidades a facer fronte e integrar o impacto dunha situación crítica nas súas vidas, promovendo a súa resiliencia.

O comité organizador estivo composto por Ana M^a Núñez; Carmen González; Concepción López; Ermitas Acevedo; Olegaria Mosqueda; Julita Touriño; Miguel Chouza e Eliana Martíns.

Durante o 2024 o Comité organizador reuniuse nas seguintes datas:

25 de marzo.

25 de abril.

1 de maio.

O programa científico do I Congreso Nacional de Psicoloxía de Emerxencias contou coa colaboración de varios integrantes do GIPCE que participaron impartindo obradoiros, simposios, comunicación orais e pósters, contribuíndo a visibilizar o traballo e a experiencia que temos en Galicia na atención psicolóxica en situación de emerxencia.

O día 2 de maio, tres membros do GIPCE impartiron os seus respectivos obradoiros:

- Ana Isabel Martínez Arranz dirixiu o obradoiro “Ser e estar como unha base segura nas emerxencias”.
- Hafdallah Menni Ouali participou co obradoiro “Unha ollada á intervención en crise con minorías étnicas e poboación refuxiada”.
- Lorena Nieto Iglesias impartiu o obradoiro “O silencio nas intervencións. Grupo de Atención a Intervenientes”.

O día 3 a participación foi en simposios sobre diferentes ámbitos relacionados coas emerxencias:

- No simposio de atención psicolóxica en accidentes de tráfico, Diego Antelo Guerra fixo unha exposición sobre a “Intervención psicolóxica avanzada en accidentes de tráfico. Modelo de traballo no GIPCE”.
- No simposio sobre o papel do profesional da Psicoloxía de Emerxencias nas emerxencias internacionais participaron Aurora Rozadilla Arias, coa exposición “Vis a Vis. Sostendo as súas emocións, sostendo as nosas emocións”, e José María Freire Duro co relatorio “Cooperación Internacional: MHPSS en contextos de Emerxencias, Crises e Catástrofes. Diferentes escenarios de Intervención”.
- No simposio sobre intervención en Grandes Emerxencias, Olegaria Mosqueda Bueno realizou unha exposición sobre a “A intervención GIPCE no naufraxio do Villa de Pitaxo”.

O último día de Congreso, o día 4 de maio, o GIPCE estivo presente en dous simposios:

- Simposio sobre intervención en emerxencias por Violencia de Xénero, no que M^a Luz Losada Somoza expuxo “Presentación do Protocolo GIPCE en situación de violencia de xénero”, Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó falaron do “Funcionamento dun dispositivo de intervención psicolóxica na urxencia por violencia de xénero” e Julita Touriño Araújo compartiu a súa experiencia co relatorio “Atención psicolóxica a menores vítimas de violencia de xénero antes, durante e despois do incidente crítico (consecuencias emocionais)”.
- No simposio de atención en emerxencias a menores e poboación vulnerable, M^a Carmen González Hermo falou da “Intervención en emerxencias con persoas con diversidade intelectual”.

Ademais o GIPCE estivo presente nas comunicación libres tanto en formato oral como en formato póster:

- Comunicación oral: “*Retrincos de cores*” realizada por Sandra Izaguirre García e Isabel Cabado Fidalgo.
- Póster “*Impacto do suicidio dun/ha menor sobre a comunidade educativa*” presentado por M^a Carmen González Hermo e Ana M^a Núñez Rubines.
- Póster “*Intervención psicolóxica del GIPCE en situaciones de crisis en centros educativos en Galicia*” presentado por Concepción López Martín, M^a Carmen González Hermo, Julita Touriño Araújo e Ana M^a Núñez Rubines.
- Póster “*Intervención de urgencia a una mujer víctima de violencia de género*” presentado por Julita Touriño Araújo e M^a Isabel Rodríguez Prego.
- Póster “*Guía de Recomendaciones de Buenas prácticas en Intervención Psicológica en emergencias*” presentado polo grupo de traballo estatal que elaborou dita guía, liderado por Javier Torres Ailhaud e no que participou a coordinadora do GIPCE Ana M^a Núñez Rubines.

Finalmente destacar a participación do antigo Coordinador do GIPCE entre os anos 2004 e 2007, Miguel Anxo García, coa conferencia inaugural “Sobre o valioso e os riscos, máis alá do evidente, na intervención psicolóxica profesional en catástrofes e emerxencias”.

8.2. GRUPO DE TRÁFICO E SEGURIDADE

Composición da Comisión Coordinadora

Eva Muíño Gómez
Coordinadora
Pilar Casal Devesa
Rosa M^a Domínguez Cameán
Alejandro González Piñeiro
María Mariño Barca
M^a Jesús Sánchez Peteiro
Adriana Rodríguez Crespo
Marta García Veiga
Fernando Piñeiro Mansilla
M^a Celsa Regueiro Muñoz, *desde o 14 de marzo*

Reunións da Comisión Coordinadora

Celebráronse nas seguintes datas:

29 de febreiro.
14 de marzo.
13 de maio.
27 de xuño.
14 de decembro.

Reunión do Grupo de Tráfico

1 de xuño.
26 de outubro.

Actividades:

a) Formación:

- Curso “O profesional da psicoloxía: intervención: de 4 horas nos cursos de sensibilización e reeducación vial”
Data: 1 de xuño.
Modalidade: Online.
Coordinan: Eva Muíño Gómez e Rosa M^a Diéguez Cameán.
Relator: Sebastia Sánchez Marín.
- Curso “Intervención con vítimas de tráfico: despois do despois”
Data: 26 de outubro.
Modalidade: Sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

Coordinan: Eva Muíño Gómez e Celsa Regueiro Muínoz.

Relatora: Yolanda Esther Domenech Moral.

- Sesión formativa “Protocolo de Intervención de Psicología (PIP) en cursos de sensibilización e reeducación vial 2024”

Data: 2 de novembro.

Modalidade: Online.

Coordina: Eva Muíño Gómez.

Relatores: Sebastia Sánchez Marín e Camino Verdugo Reino.

b) Intervencións

- Xornadas de Concienciación Taseval e Psicovial:

Estas xornadas están dirixidas a grupos de persoas penadas por delitos relacionados coa seguridade viaria.

Pasaron a ser reforzadas desde Psicofundación, con quen se contactou para indicar a dispoñibilidade das e dos profesionais do Grupo de Psicología do Tráfico e da Seguridade do COPG no caso de ampliar o reforzo.

- SEVIME

Este programa levábase desenvolvendo desde o ano 2010 en colaboración coas Policía Locais de Vigo e Pontevedra para dar resposta ás penas relacionadas co tráfico e a seguridade viaria con menores, antes da pandemia pola COVID-19. Tras unha entrevista o 25 de outubro coa Fiscalía de Seguridade Viaria de Galicia, Palau Grau, púxose no seu coñecemento este tipo de intervención con adolescentes para que desde a Fiscalía se trate de promocionar.

- c) Achega de contidos para a elaboración da Circular Informativa, de Infocop e da páxina web.

- d) Participación na Comisión de Valoración de solicitudes de acceso ao Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG. Celebráronse dúas Comisións neste 2024.

- e) Composición da Comisión de Valoración do COPG para as solicitudes de Acreditación Nacional de Psicólogo/a Experto/a en Psicología do Tráfico e da Seguridade. Celebráronse dúas Comisións neste 2024.

- f) Participación en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

- g) Comunicados de prensa con motivo do Día Mundial das Vítimas de Tráfico e do Día Mundial do Vehículo de Mobilidade Persoal.

9. CONVENIOS DE COLABORACIÓN

9.1. PROGRAMA DE ATENCIÓN PSICOLÓGICA A MULLERES QUE SOFREN VIOLENCIA DE XÉNERO

Este programa sitúase no marco do convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o COPG para a atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente a menores e outras persoas dependentes delas que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero. Véñse renovando anualmente desde o ano 2004.

Coordinadora:

M^a Luz Losada Somoza

Actividades

a) Intervencións:

- O equipo de psicólogos e psicólogas que traballan ao abeiro do programa consta de 68 profesionais en toda a comunidade.
- Solicitan intervención ao longo do ano 623 mulleres; foron admitidas 543 das cales 526 tiñan denuncia interposta. Un total de 500 mulleres tiñan orde de protección.
- No 2024, activouse o protocolo conxunto PAPMVX-GIPCE o día 5 de outubro. Foi activada unha das terapeutas do PAPMVX que tamén están no GIPCE.
- Ao longo do ano 2024 non foi necesario activarse o protocolo de actuación para a atención psicolóxica con interprete de lingua de signos española para persoas xordas e xordocegas.

b) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa Abramos o Círculo e a Quenda de Garda Psicolóxica Especializada.

- Curso “Detección e traslado de factores de risco nos Programas”.
Datas: 28 de setembro.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.
Docentes: Cecilia Barros Díaz (asesora xurídica do COPG) e Carmen González Pais (terapeuta acreditada do Programa Abramos o Círculo e do PAPMVX).
- Curso “Trauma, defensas e estratexias de afrontamento disfuncionais. Intervención en violencia de xénero”.
Datas: 29 de novembro.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.

Docentes: Dolores Mosquera Barral (psicóloga, psicoterapeuta e directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade INTRA-TP) e Paula Baldomir Gago (psicóloga xeral sanitaria).

c) Formación inicial e acto de benvida para novos e novas terapeutas do Programa:

Desenvolvéronse xornadas formativas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos Programas. Os días 30 de xaneiro, 23 de maio e 5 de novembro. Foron coordinadas por M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

Nesta formación, ademais de dar a benvida aos e ás novas terapeutas, explícanse as características e funcionamento dos programas así como a metodoloxía de traballo dentro destes dispositivos.

d) Actividades desenvolvidas pola coordinadora:

- Lectura do Manifesto 25-N por parte da Coordinadora do PAPMVX, M^a Luz Losada Somoza, no pleno municipal do Concello de Pontevedra, o 22 de novembro.
- Ao longo do ano, a coordinadora do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con Rubén Villar Trencó, coordinador do Programa Abramos o Círculo, co obxectivo de organizar as diferentes formacións e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- Ao longo do ano a coordinadora mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse nas reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívose contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a mulleres e menores vítimas de violencia de xénero en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.
- Participación na Xornada de formación organizada pola Subdelegación do Goberno de Ourense co relatorio: “De vítimas a superviventes: abordaxe psicoterapéutico desde o PAPMVX”, impartido pola Coordinadora do PAPMVX, M^a Luz Losada Somoza, e Ermitas Acevedo Rego, psicóloga do Programa.
- Durante todo o ano estívoase actualizando listado dos/as profesionais da psicoloxía acreditados/as dentro do PAPMVX, xa que houbo altas, baixas definitivas e baixas temporais.

9.2. PROGRAMA ABRAMOS O CÍRCULO

É un programa de atención psicolóxica especializada e de apoio, financiado pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, e dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas nas relacións coa súa parella e coa súa familia, e desexan adquirir novos modos de comportamentos exentos de agresividade. Véñse renovando anualmente desde 2001.

Coordinador:

Rubén Villar Trencó

Actividades

a) Intervencións:

O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 47 profesionais en toda Galicia.

Solicitan intervención ao longo do ano 109 homes, dos cales foron admitidos 61 e iniciaron a intervención 60.

b) Formación:

Impartida conxuntamente co Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero e a Quenda de Garda Psicolóxica Especializada.

- Xornada Interna de Traballo dos Programas de Intervención en Violencia de Xénero do COPG.
Datas: 24 de febreiro.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó, M^a Luz Losada Somoza.
Celebrouse unha xuntanza interna de traballo cos e cas terapeutas dos programas, e desde a coordinación dos mesmos presentáronse as memorias anuais de ambos programas, así como as liñas de traballo para o vindeiro ano.
- Curso “Detección e traslado de factores de risco nos Programas”.
Datas: 28 de setembro.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.
Docentes: Cecilia Barros Díaz (asesora xurídica do COPG) e Carmen González Pais (terapeuta acreditada do Programa Abramos o Círculo e do PAPMVX).
- Curso “Trauma, defensas e estratexias de afrontamento disfuncionais. Intervención en violencia de xénero”.
Datas: 29 de novembro.
Coordinadores: Rubén Villar Trencó e M^a Luz Losada Somoza.

Docentes: Dolores Mosquera Barral (psicóloga, psicoterapeuta e directora do Instituto para o Estudo do Trauma e os Trastornos da Personalidade INTRA-TP) e Paula Baldomir Gago (psicóloga xeral sanitaria).

c) Formación inicial e acto de benvida para novos e novas terapeutas do Programa:

Formación levada a cabo pola coordinación dos programas para os novos e novas terapeutas que se incorporan aos mesmos. Os días 30 de xaneiro, 23 de maio e 5 de novembro. Foron coordinadas por M^a Luz Losada Somoza e Rubén Villar Trencó.

Nesta formación, ademais de dar a benvida aos e ás novas terapeutas, explícanse as características e funcionamento dos programas así como a metodoloxía de traballo dentro destes dispositivos.

Actividades desenvoltas polo coordinador:

- Ao longo do ano, o coordinador do Programa mantivo reunións cunha periodicidade variable con M^a Luz Losada Somoza, coordinadora do Programa de Atención Psicolóxica a Mulleres que Sofren Violencia de Xénero, co obxectivo de organizar as diferentes formación e tratar outros asuntos relacionados con ambos Programas.
- O coordinador do Programa asistiu á xuntanza coa Dirección Xeral de Loita Contra a Violencia de Xénero da Xunta de Galicia para o seguimento dos dispositivos en materia de violencia de xénero conveniados co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.
- Ao longo do ano o coordinador mantivo diferentes xuntanzas coa Decana do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para o seguimento dos dispositivos de intervención en violencia de xénero.
- Participouse nas reunións coa Comisión Intersectorial Feminista do COPG para a planificación e execución do traballo en materia de xénero, igualdade e violencia de xénero.
- Mantívoase contacto periódico coa asesora xurídica do COPG para a xestión de posibles casos e o asesoramento ante diferentes cuestións que xorden no dispositivo.
- Mantivéronse xuntanzas periódicas co informático do COPG para poñer en marcha e optimizar o funcionamento do portelo de comunicación interna dos programas de atención psicolóxica.
- Mantivéronse diferentes xuntanzas internas de traballo con Fátima López Rodríguez, coordinadora da Quenda de Garda de Atención Psicolóxica do COPG para a coordinación e colaboración entre os diferentes dispositivos.
- Participación en entrevistas sobre a atención psicolóxica a homes que adoptan actitudes inadecuadas en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

Sensibilización e visibilización do programa:

- No que respecta a sensibilización e divulgación, destacar que desde o programa concedéronse diferentes entrevistas, participando así en medios de comunicación para dar a coñecer o programa a poboación en xeral e que poidan visibilizar os obxectivos de traballo para así poder chegar a poboación diana.
 - Por outra banda, participouse nas “Xornadas de Violencia de Xénero: unha mirada integral”, que se celebraron o 20 e 21 de novembro no Museo Manuel Torres do Concello de Marín, con motivo da celebración do 25N, Día Internacional contra a Violencia de Xénero; dando a coñecer o Programa Abramos o Círculo e o traballo que se desenvolve cos homes.
 - Ademais, participouse nas xornadas de intervención e prevención da violencia de xénero, levadas a cabo na empresa FINSA: “Soluciones de madera”, o día 27 de novembro, dando a coñecer o programa Abramos o Círculo e o traballo que se desenvolve cos homes.

9.3. PROGRAMA DA QUENDA DE GARDA PSICOLÓXICA ESPECIALIZADA EN VIOLENCIA DE XÉNERO

O 20 de maio 2024 renovouse o convenio de colaboración coa Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para a posta en marcha dun servizo de Quenda de Garda Psicolóxica Especializada e Permanente para mulleres e os seus fillos e fillas menores, que sofren violencia de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia.

Coordinadores:

Fátima López Rodríguez e Rubén Villar Trencó

Actividades

a) Intervencións:

- O equipo de psicólogas e psicólogos que traballan ao abeiro do programa consta de 21 profesionais en toda a comunidade.
- Actívase o servizo en 62 ocasións:
 - Atención a tres usuarias, a solicitude da Garda Civil de Lugo.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Policía Nacional de Lugo.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Policía Nacional de Ourense.
 - Atención a cincuenta e seis usuarias, a solicitude da Policía Nacional de Vigo.
 - Atención a unha usuaria, a solicitude da Garda Civil de A Coruña.

b) Formación:

- Curso “Regulación Emocional na Emerxencia”

Datas: 5 de xullo.

Coordinadores: Rubén Villar Trenco e Fátima López Rodríguez.

Docentes: Anabel González Vázquez, licenciada en Medicina e Cirurxía, coa especialidade en Psiquiatría, grao en Criminoloxía, posgrao en Psicoloxía Clínica da Infancia e a Adolescencia (ISEP), posgrao en Terapia Cognitiva Analítica para Trastornos de Personalidade, Terapeuta de Grupo acreditada por ITGP, Formación en Trauma Complexo e Disociación.

c) Actividades desenvoltas polos coordinadores

- Reunións de traballo de coordinación interna, cunha frecuencia quincenal, para planificar, coordinar e levar a cabo o seguimento das intervencións e elaborar diferentes actuacións referentes ao dispositivo.
- Reunións entre ambos coordinadores ao longo do ano para levar a cabo a revisión e actualización de documentos de traballo interno.
- Estableceuse coordinación con outros recursos da comunidade: Centros de Información á Muller, Forzas e Corpos de Seguridade, Servizos Sociais, Xulgados, etc.
- Os coordinadores da Quenda asistiron a reunións para a coordinación da mesma con profesionais de diferentes ámbitos e recurso: Decana do COPG, Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Xunta de Galicia, Comisión Intersectorial Feminista do COPG, Asesora Xurídica do COPG, profesionais das Oficinas de Atención á Cidadanía e ás Vítimas, profesionais dos Centros de Información á Muller (CIM) e profesionais do Teléfono da Muller.

d) Participación en entrevistas sobre a Quenda de Garda Psicolóxica en diferentes medios de comunicación de prensa escrita, radio e televisión.

e) Participación na elaboración dunha guía de boas prácticas en casos de feminicidios.

f) Ao longo deste ano, como parte do labor de sensibilización e visibilización, atendéronse diferentes chamadas de axentes sociais interesados/as pola existencia e funcionamento do dispositivo.

g) No ano 2024 foi concedido o premio municipal “Lazo Violeta” por parte do Concello de Marín a este dispositivo, polo labor e dedicación na atención urxente en casos de violencia de xénero.

9.4. INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA EN CATÁSTROFES E EMERXENCIAS

Convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia en materia de Protección Civil para dar unha resposta psicolóxica en emerxencias e catástrofes.

Este convenio véñse renovando anualmente dende o ano 1997 co obxectivo de achegar apoio á acción permanente dos órganos e das autoridades competentes en protección civil para a prevención e atención ante as emerxencias.

O COPG vén sostendo un Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE) — ver epígrafe 8.1 desta Memoria— que está organizado en forma de rede activable. Está integrado por 34 psicólogas e psicólogos colexiados especializados neste tipo de situacións, que son os que interveñen, e 40 psicólogos e psicólogas colexiados de nova incorporación, non intervenientes, que están en proceso formativo. O GIPCE ofrece un recurso necesario e preparado para a resposta de intervención psicolóxica en desastres de media e grande magnitude.

9.5. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA EMISIÓN DE INFORMES PERICIAIS PSICOLÓXICOS

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia asinou o 10 de maio de 2024 un convenio coa Dirección xeral de xustiza para a realización de informes periciais psicolóxicos, a solicitude dos órganos xudiciais, para o ano 2024.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia realizou a selección dos e das profesionais da psicoloxía para a realización de periciais entre os seus colexiados e colexiadas a través dunha convocatoria na que se esixía que acreditaran o cumprimento dos requisitos establecidos por convenio. Seguindo os baremos establecidos previamente deuse con unha selección total de 20 profesionais da psicoloxía.

Para a escolla estableceuse unha comisión avaliadora formada por Ricardo Fandiño Pascual, vogal da Xunta de Goberno e da Sección de Psicoloxía Xurídica; M^a Dolores Seijo Martínez, presidenta da Sección de Psicoloxía Xurídica, e Alejandra Isabel Fernández Rodríguez, secretaria do COPG.

Desde os diferentes xulgados realizaron un total de 31 solicitudes de designación de peritos para a realización de informes periciais. Das pericias realizadas só unha non se realizou por renuncia expresa dunha das partes á súa realización.

9.6. CONTRATO ENTRE A FUNDACIÓN DEPORTE GALEGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE PSICOLOXÍA AOS DEPORTISTAS DGAN

O 22 de xaneiro de 2024 asinou un convenio entre o COPG e a Fundación Deporte Galego para a prestación de servizos de psicoloxía a deportistas DGAN (Deportistas Galegos/as de Alto Nivel). Os servizos a prestar poden ser de asesoramento no ámbito da Psicoloxía do Deporte ou de intervención no ámbito sanitario.

Para a posta de funcionamento do servizo realizouse un proceso de selección. A Comisión valoradora encargada da revisión das solicitudes estaba formada polos membros da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte do COPG: M^a del Carmen González Herme, M^a Dolores González Fernández e Antonio Esteban Fuertes Saavedra.

Realiza as tarefas de coordinación deste servizo M^a del Carmen González Hermo, coordinadora da Comisión Intersectorial de Psicoloxía e Deporte.

A 31 de decembro de 2024 forman parte desta listaxe de derivación un total de 8 profesionais especialistas en psicoloxía do deporte e a actividade física e 1 profesional habilitada para o exercicio sanitario con formación en psicoloxía do deporte.

No ano 2024 contactouse cun total de 49 deportistas cos que se realizaron 138 sesións.

9.7. CONTRATO ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE APOIO PSICOLÓXICO ORIENTADO A FAVORECER A INTEGRACIÓN DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE NO ÁMBITO ACADÉMICO

O 23 de novembro de 2023 o COPG asinou un convenio coa Universidade de Vigo para a prestación de servizos de apoio psicolóxico ao alumnado da Universidade de Vigo orientado a favorecer a integración do alumnado da Universidade. O contrato foi asinado para o curso académico 2023 e 2024.

Co obxectivo de poñer en funcionamento o Convenio estableceuse un proceso de selección para os colexiados e colexiadas. A Comisión valoradora encargada da revisión das solicitudes estaba formada por M^a Carmen González Hermo, Vicesecretaria do COPG; Hipólito Puente Carracedo, membro da Xunta Directiva da División de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología de España e Vicedecando do COPG; e Manuela del Palacio García, presidenta da Sección de Psicoloxía Educativa.

No 2024 formaron parte da listaxe de derivación un total de 7 profesionais da psicoloxía educativa.

Durante o 2024 foron atendidos 48 casos.

9.8. ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA (COPG) E AS ENTIDADES ASINANTES DO PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN E ACTUACIÓN EN CASOS DE ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO NAS ARTES ESCÉNICAS

O 15 de novembro de 2023 tivo lugar o acto de sinatura do acordo de colaboración entre o COPG e as entidades asinantes do Protocolo para a prevención e actuación en casos de acoso sexual e por razón de sexo nas artes escénicas representadas pola da Asociación Galega de Empresas de Artes Escénicas (Escena Galega), Asociación de Actrices e Actores de Galicia (AAAG), Asociación Profesional de Circo de Galicia (APCG), Plataforma Artes do Movemento (PAM), Asociación Músicas ao Vivo, Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM), Asociación Sindical de Profesionais Técnicos do Espectáculo (TESGA), Asociación de Empresas Tecnolóxicas e Servizos Audiovisuais de Galicia (AGATEC) e a Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC).

O obxectivo deste acordo, entre outros, é o de colaborar con estas entidades promovendo accións conxuntas co obxectivo de previr casos de acoso sexual e por razón de sexo no eido das artes escénicas a través da promoción e realización de actividades como medida preventiva e para evitar situacións de acoso que se poidan dar nun futuro, proporcionar asesoramento e información dos recursos do COPG e outras entidades, etc.

9.9. CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA E AFFINITY

En xullo de 2023 o COPG asinou un convenio de colaboración coa sociedade Affinity Consult Soluciones para colectivos SL co obxectivo de ofrecer diferentes descontos en distintos tipos de produtos e servizos: carburantes, viaxes, electrónica, seguros etc. aos nosos colexiados e colexiadas a través da plataforma web <https://copgalicia.clubpsicologia.com/>.

As persoas colexiadas e colexiados que queiran beneficiarse dos diferentes descontos poderán facelo rexistrándose previamente na páxina web arriba mencionada.

9.10. ACORDO MARCO DE COLABORACIÓN CO INSTITUTO GALEGO DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL (ISSGA) DA XUNTA DE GALICIA

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA), dependente da Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia, manteñen desde abril de 2013 un acordo marco de colaboración para a promoción de actuacións de seguridade e saúde no traballo.

Este acordo establece canles de colaboración para o desenvolvemento de actividades de información e formación en prevención de riscos laborais, así como na programación e coordinación das actividades desenvolvidas polo COPG, co obxectivo de mellorar as condicións de seguridade e saúde no traballo, reducir os riscos laborais e avanzar na investigación e fomento de novas formas de protección e promoción de estruturas eficaces de prevención.

9.11. CONVENIO COA FUNDACIÓN EDUCACIÓN, DEPORTE Y SALUD (FEDYS)

Convenio de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Fundación Educación, Deporte y Salud (FEDYS), que, tal e como recolle o seu nome, ten tres eixes básicos de actuación: a educación, o deporte e a saúde.

Este convenio permite, entre outros aspectos, o desenvolvemento e a mellora da saúde na poboación xeral a través da práctica da actividade física e deportiva co obxectivo de diminuír algunhas das enfermidades máis frecuentes nas sociedades actuais como a hipertensión, a diabetes..., e un problema cada día máis en aumento como é a obesidade. Tamén permite a posibilidade de levar a cabo traballos de investigación relacionados coa área ou a organización de cursos, seminarios ou xornadas.

Finalmente, unha das colaboracións máis relevantes pola súa novidade é o asesoramento vocacional e psicolóxico aos deportistas que se achegan á Oficina de Atención ao Deportista, tanto as persoas que están en activo como as xa retiradas.

9.12. CONVENIO CO COLEXIO OFICIAL DE LICENCIADOS EN EDUCACIÓN FÍSICA E EN CIENCIAS DA ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE DE GALICIA (COLEF Galicia)

Desde o 2021 mantense un convenio de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física e en Ciencias da Actividade Física e do Deporte de Galicia co fin de establecer un marco de actuación para a colaboración entre ambas institucións en actividades divulgativas, culturais, científicas, pedagóxicas, de promoción da saúde, de investigación e outras que sexan de interese para as dúas entidades.

9.13. ACORDO DE COLABORACIÓN COA UNIÓN DE FEDERACIÓNS DEPORTIVAS GALEGAS (UFEDEGA)

O 9 de marzo de 2022 asinouse o acordo de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Unión de Federacións Deportivas Galegas para promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as dúas entidades, co fin de obter un desenvolvemento dinámico e efectivo do acordo.

9.14. CONVENIOS COA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Universidade de Santiago de Compostela.

Ao abeiro deste convenio, a Universidade e o COPG executan de xeito conxunto proxectos e programas de investigación, desenvolvemento e transferencia de coñecemento, ademais de cooperar en programas e actividades de formación continuada de profesionais e de persoal investigador.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, baixo convenio específico coa Universidade de Santiago de Compostela, colabora no desenvolvemento dun curso sobre o Código Deontolóxico que recibiu o alumnado do Practicum do Grao en Psicoloxía, con carácter previo á súa incorporación aos centros nos que vaian a desenvolver as prácticas. O devandito curso foi impartido por antigos membros e polos actuais da Comisión de Ética e Deontoloxía do COPG e a asesora xurídica do Colexio.

Tamén ao abeiro deste convenio organizouse a actividade Tempo da Psicoloxía, unha actividade divulgativa da psicoloxía na sociedade e que nesta, a súa sexta edición versou sobre o tema “Unha ollada sobre o suicidio” celebrado entre o 19 e o 21 de febreiro.

9.15. CONVENIO COA FUNDACIÓN MENIÑOS

Convenio marco de colaboración desde 2008 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e Fundación Meniños para a Infancia.

Este convenio ten por obxecto definir un marco xeral de colaboración estable entre ambas as dúas institucións para o desenvolvemento de accións de formación, investigación, comunicación, publicacións, asesoramento ou calquera outra de interese común.

9.16. CONVENIO COA FEDERACIÓN GALEGA DE DANO CEREBRAL (FEGADACE)

Convenio marco de colaboración desde 2012 entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Federación Galega de Dano Cerebral (FEGADACE).

Este convenio de colaboración entre as dúas entidades asinouse co fin de promover accións conxuntas, coordinadas e beneficiosas para ambas as institucións, que teñan por obxecto a sensibilización, a formación, a intervención social, a investigación e a organización de accións e eventos.

9.17. CONVENIO DE COLABORACIÓN COA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA

Desde o 2013 renóvase anualmente o protocolo de colaboración entre o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia no ámbito da quenda de asistencia pericial á Administración de Xustiza de Galicia, enmarcada no principio xeral de colaboración recollido na Lei 11/2001, do 18 de setembro, de Colexio Profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia.

9.18. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE A CORUÑA

No ano 2019 asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de A Coruña e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia para a promoción da xestión e o desenvolvemento das persoas na contorna laboral.

Este acordo foi impulsado desde a Sección de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO) para, entre outros obxectivos máis específicos, poñer en valor a contribución das e dos profesionais da Psicoloxía, e da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións en particular, ao ámbito empresarial e organizacional.

9.19. CONVENIO COA CONFEDERACIÓN DE EMPRESARIOS DE LUGO

O 8 de abril de 2021 asinouse un convenio de colaboración entre a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) e o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia (COPG) para a iniciativas conxuntas no ámbito da formación e do asesoramento organizacional. A sinatura tivo lugar na sede da CEL e participaron a decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e o secretario xeral da patronal, Jaime Luis López Vázquez.

Este acordo de colaboración pretende fomentar o emprendemento, o asesoramento técnico ao tecido empresarial e a formación nos ámbitos de actuación de ambas as entidades. O pacto entre as dúas institucións comprométeas a colaborar adecuadamente para conseguir tales obxectivos. Por parte da Confederación de Empresarios de Lugo obrígase a realizar actividades de información, asesoramento e formación encamiñadas á mellora da cualificación profesional e empresarial. Pola súa banda, desde o COPG proporcionarase asesoramento en cuestións relacionadas coa Psicoloxía do Traballo e das Organizacións, en temas como o deseño de programas de información e formación relacionados coa prevención de riscos laborais ou a xerencia de recursos humanos, entre outros.

9.20. CONVENIO CON PREVISIÓN SANITARIA NACIONAL (GRUPO PSN)

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Aseguradora para Previsión Sanitaria Nacional (Grupo PSN) asinaron o 13 de novembro de 2019 un acordo de colaboración para o desenvolvemento da actividade profesional, proporcionando distintas solucións de cobertura e protección persoal das persoas colexiadas e de calquera outro servizo de carácter profesional.

9.21. CONVENIO DE COLABORACIÓN CO BANCO SABADELL

O 9 de xullo de 2024, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Banco Sabadell asinaron un acordo de colaboración. Este convenio entre o COPG e Sabadell Professional/Banco Sabadell permite á entidade bancaria facilitar o acceso a unha ampla gama de produtos e servizos financeiros. A través deste acordo, tanto os colexiados como os seus familiares de primeiro grao poderán beneficiarse destas vantaxes exclusivas.

O obxectivo deste convenio é ofrecer mellores solucións financeiras e apoio personalizado aos profesionais da psicoloxía, permitindo un acceso máis doado a ferramentas que lles axuden a mellorar a súa xestión económica.

10. SERVIZO DE INTERVENCIÓN EN PSICOLOXÍA FORENSE

O principal fin do Servizo de Intervención en Psicoloxía Forense é o nomeamento de psicólogos e psicólogas peritos perante a Administración de Xustiza.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia conta cunha listaxe de psicólogos e psicólogas para responder ás demandas que se fagan á institución de nomeamento de peritos para actuar ante os órganos xurisdiccionais e das administracións públicas. Esta listaxe, de ámbito territorial provincial, organízase en tres áreas concretas de intervención:

- Dereito penal
- Dereito civil
- Dereito laboral, social e outros ámbitos

En cumprimento do establecido na Lei, fíxose un envío a todos os xulgados de Galicia das listas de psicólogos e psicólogas peritos dispostos a actuar nas diferentes áreas de intervención para a súa designación directa por parte dos xulgados.

11. SERVIZO DE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVÍS E MERCANTÍS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

Por acordo da Xunta de Goberno do 14 de marzo de 2014, créase o Servizo de Mediación en Asuntos Civís e Mercantís do COPG, aprobándose nesta mesma data o seu regulamento.

Este Servizo está integrado por 56 mediadores e mediadoras. O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia figura inscrito no Rexistro de Mediadores e Institucións de Mediación do Ministerio de Xustiza.

12. BECA SIOTA DE INVESTIGACIÓN EN PSICOLOXÍA

Por acordo da Xunta de Goberno do 20 de decembro de 2024 convócase a XIV Edición da Beca Siota de Investigación en Psicoloxía.

13. PREMIOS DE COMUNICACIÓN XOAN VICENTE VIQUEIRA

No ano 2022 o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou os Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira, en colaboración coa aseguradora Broker's 88, cos que se pretende recoñecer o labor divulgativo da Psicoloxía nos medios de comunicación social, primando a ética, a responsabilidade, as boas prácticas e contrarrestando as pseudociencias.

Xoan Vicente Viqueira foi un dos referentes da historia da Psicoloxía en Galicia. En 2022 cumpríronse 98 anos da morte deste psicólogo e filósofo galego, que foi un dos intelectuais mellor formados naquela altura. Tiña unha inmensa preocupación sobre o ensino da Psicoloxía, e de feito, deseñou o seu proxecto ou un plan de desenvolvemento desta ciencia entre nós, tras coñecer o modelo alemán. De feito, a súa precoz morte, impediu que puidese afondar neste impulso á psicoloxía no noso país que sempre tivo presente. Viqueira é un bo exemplo da comunión entre o traballo científico, investigador, e a divulgación intelectual á sociedade a través dos medios de comunicación.

Constan de dúas categorías: a primeira é o Premio Xornalístico do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, dirixido a xornalistas que publicasen ou emitisen algún traballo en relación coa Psicoloxía. E a outra categoría é a do Premio de Comunicación a aqueles psicólogos e psicólogas colexiadas do COPG que colaboren de forma frecuente e continuada cos medios de comunicación co obxectivo de divulgar a profesión da Psicoloxía na sociedade, desde o rigor, a ética e a vocación de servizo público.

Nesta terceira edición resultaron gañadores, cadansúa categoría, o xornalista Ángel Paniagua Pérez, polo seu traballo “La salud mental desborda la sanidad”, publicado en *La Voz de Galicia*; e o psicólogo Antonio Rial Boubeta, polas súas diversas contribucións continuadas nos medios de comunicación poñendo en valor a psicoloxía. A entrega tivo lugar o 7 de xuño no Pazo do Mosteiro, en Pontevedra, no marco do acto de Achegas da Psicoloxía.

O xurado, constituído por membros do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e representación do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, destacou na categoría do premio xornalístico o traballo de Tamara Montero Barreiro pola súa peza *Esto también es violencia machista: “Cheguei a pensar que estaba tola”* publicada en *La Voz de Galicia*.

O xurado destacou a alta calidade das propostas presentadas, que foron un total de 12 traballos en distintos formatos e recollendo as distintas perspectivas da profesión publicados ao longo de 2024.

O xurado estivo presidido pola decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, e constituído por José Manuel Oreiro Blanco, vogal da Xunta de Goberno do COPG; M^a Begoña Castro Iglesias, vogal da Xunta de Goberno do COPG; Concepción Fernández Fernández, coordinadora da Comisión de Cultura do COPG; Ricardo Fandiño Pascual, vogal da Xunta de Goberno do COPG; e Moncho Paz, membro do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.

14. EVENTOS COLEXIAIS

14.1. ACHEGAS DA PSICOLOXÍA

O venres 7 de xuño, no Pazo do Mosteiro (Tomiño, Pontevedra), celebrouse o acto **Achegas da Psicoloxía**, no que o Colexio fai entrega dos premios institucionais e distincións. Nesta edición, outorgouse o **Premio Dolores Llópiz: Psicoloxía e Sociedade** á futbolista profesional Verónica Boquete, polo seu lonxevo compromiso coa igualdade desde o deporte, así como pola posta en valor da psicoloxía neste ámbito e en xeral na sociedade, reivindicando vencer os tabús que rodean os problemas da saúde mental e o acceso a unha atención profesional.

Tivo tamén lugar a entrega dun recoñecemento a aqueles/as psicólogos/as colexiados que ao longo da súa traxectoria profesional demostraron unha especial inqueda polo desenvolvemento colexial e profesional da psicoloxía e teñen traballado de xeito singular en defensa da profesión. Este ano tivo lugar a segunda entrega ás compañeiras e compañeiros que fixeron colexio nas primeiras décadas do seu nacemento, alá polos anos 80 e 90, a través das diferentes comisións, seccións ou as propias Xuntas Reitoras e Xuntas de Goberno.

Son compañeiros e compañeiras que puxeron os cementos do Colexio, que entregaron tempo, coñecemento e implicación a construír e imaxinar a psicoloxía de hoxe e de mañá e como o Colexio podía servir mellor á sociedade e aos psicólogos e psicólogas galegas.

Tamén se efectuou un recoñecemento aos compañeiros e compañeiras que levan 25 anos de vida colexial, en recoñecemento á súa andaina na vida colexial e contribución ao desenvolvemento da

profesión. Coa intención de visibilizar, celebrar e reivindicar a súa contribución ao Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia nestes 25 anos.

No marco do acto de Achegas da Psicoloxía, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia entregou tamén a distinción de **Colexiado de Honra** ao psicólogo Xabier Macías Virgós. Con esta significación pretende recoñecerse a extraordinaria entrega persoal dos seus colexiados e colexiadas tanta á institución como ao desenvolvemento da profesión da Psicoloxía en Galicia. Xabier Macías Virgós, con número de colexiado G-1843, desde o 15 de decembro de 1992 ata o 14 de decembro de 1995 foi secretario da Xunta Rectora da Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Psicólogos. Así, desde o 15 de decembro de 1995 ata o 15 de xuño de 2000 foi presidente da Xunta Rectora da Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Psicólogos, para despois ser presidente da Comisión Xestora do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia ata o 15 de decembro do ano 2000.

Xabier foi o responsable da segregación do Colexio Estatal e constitución do Colexio autonómico e o 16 de decembro de 2000 celebrouse a Asemblea constituínte do novo Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia. Foi así como desde o 16 de decembro de 2000 ata o 20 de xullo de 2002 exerceu o seu labor de decano da Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Psicólogos de Galicia.

Tamén foi o primeiro coordinador do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), desde os seus inicios ata o ano 2002. Desde outubro de 2016 ata o 2017 foi titular do servizo de actuación para a prevención de desafiuzamentos e a atención das persoas afectadas polos mesmos co Concello de Santiago de Compostela. Xabier foi membro da Comisión de Intrusismo e vogal da Área de Psicoloxía Educativa do Consejo General de la Psicología.

Tamén se fixo entrega da terceira edición dos **Premios de Comunicación Xoán Vicente Viqueira**, que convoca o COPG en colaboración coa aseguradora Broker's 88.

14.2. ACTO DE BENVIDA AOS NOVOS E NOVAS COLEXIADAS DO COPG

O 10 de decembro, no marco da Asemblea Xeral de colexiados e colexiadas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia tivo lugar o acto de benvida a novos colexiados e colexiadas que se incorporaron ao COPG durante o ano 2024. O acto celebrouse no Consello da Cultura Galega de Santiago de Compostela.

14.3. OUTRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS

▣ Tempo da Psicoloxía “Unha ollada sobre o suicidio”

Entre os días 19 e 21 de febreiro tivo lugar a sexta edición de Tempo da Psicoloxía, un proxecto organizado polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e a Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, que se desenvolveu en Santiago de Compostela.

Tempo da Psicoloxía é unha actividade divulgativa deste ámbito científico e profesional na sociedade nada en 2019, que aborda unha temática concreta en cada edición desde o prisma da psicoloxía, pero

en interacción con outros axentes sociais. Desde ambas institucións considerouse que esta edición debería centrarse no grave problema de saúde pública do suicidio.

Co tema central “Unha ollada sobre o suicidio”, esta edición celebrouse en modalidade online e presencial, e abordou as seguintes mesas:

- O luns 19 de febreiro, tivo lugar a primeira das mesas “Previr e intervir: o papel do sistema de saúde”, que contou con José Eduardo Rodríguez Otero, psicólogo clínico da Unidade de prevención do suicidio da Área Sanitaria de Vigo; Flora Miranda Pena, médica de familia do SERGAS e Alejandro A. García Caballero, psiquiatra e coordinador de programas de prevención e promoción da saúde mental do SERGAS. Estivo moderada pola xornalista María Piñeiro.
- O martes 20 de febreiro, foi o momento da palestra “O ámbito comunitario, a base da prevención e apoio”, contando coa colaboración de Daniel J. López Vega. Psicólogo, presidente de Papageno, asociación de profesionais en prevención y posvención del suicidio; Olalla Villaronga Seoane, psicóloga social; responsable da campaña de prevención do suicidio «Falamos?» de Andaina Pro Saúde Mental e María de Quesada, xornalista; presidenta da Asociación «La niña amarilla» (sobre prevención do suicidio desde o ámbito da comunicación) e autora do libro do mesmo título. Moderou esta mesa a xornalista Lara Salgado.
- A última xornada, o mércores 21 de febreiro, o diálogo enmarcouse baixo o título “Atención á infancia e a adolescencia no contexto educativo”, ao cargo de Carlos Álvarez García, psicólogo clínico e formador do programa YAM nos centros educativos galegos; Marta Andrade Blanco, responsable de sensibilización e políticas de infancia de UNICEF Galicia e Manuela del Palacio García, psicóloga educativa e orientadora no IES San Tomé de Vigo. Esta última mesa estivo moderada pola xornalista Ana G. Liste. Con esta intervención pechamos a sexta edición de Tempo da Psicoloxía 2024 cunha mensaxe moi importante: o acceso rápido a atención psicolóxica é fundamental para evitar desenlaces trágicos no caso de persoas con ideación suicida. Se ben o suicidio pode previr-se, require dunha abordaxe desde distintos ámbitos, así como dunha boa accesibilidade aos servizos públicos, entre eles os de psicoloxía, tanto no relativo á prevención como á intervención sobre a ideación autolítica.

▣ **Falamos, Ciclo de experiencias compartidas do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia**

A Vogalía de Formación do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creou en 2021 un espazo para compartir aprendizaxes e experiencias entre os compañeiros e compañeiras do COPG, un punto de encontro para a profesión.

Ao longo do 2024 celebráronse **2 webinars** coa seguinte temática:

- 15 de febreiro. **Webinar: Presentación do artigo “Psicoloxía para tempos distópicos”**. Impartido por Conxita López Martín (G-2981), Membro do GIPCE, con acreditación como experta en Psicoloxía de Emerxencias e en Psicoloxía Educativa polo Consejo Nacional. Psicoterapeuta familiar e docente pola ATFM de Galicia. Profesora. Secretaria da ATFM de Galicia e da Federación Española de Asociaciones de Terapia Familiar.
- 14 de marzo. **Webinar “Presentación das Actividades da Comisión de Defensa da Profesión”**. Impartido por José Manuel Pazos Riveiro (G-0001), Titor de Internado da Universidade Laboral da

Coruña 1973 - 1988. Psicólogo Educativo. Departamento de Orientación, IES R. Dieste A Coruña 1989 - 2008. Profesor - Titor de Psicología Básica no I Centro da UNED A Coruña 1973 - 2013. Vogal da Comisión de Defensa da Profesión desde 2015.

15. REPRESENTACIÓN COLEXIAL NOS CONSELLOS DA ADMINISTRACIÓN

Consello Galego de Saúde

Titular: Francisco Javier Sardiña Agra

Suplente: Delia Guitián Rodríguez

Consello Galego de Benestar Social

Titular: Guadalupe Oroña Quintáns

Comisión Galega de Coordinación e Seguimento da Actividade fronte á Infección por VIH/SIDA e outras Infeccións de Transmisión Sexual

Titular: Luisa M^a Blanco Caramés

Consello Provincial de Servizos Sociais da Coruña

Titular: Encarnación Álvarez Gallego

Suplente: M^a Ángeles Castro Díaz

Consello Provincial de Servizos Sociais de Lugo

Titular: Isolina Rodríguez López

Suplente: Julio González Morandeira

Consello Provincial de Servizos Sociais de Ourense

Titular: José Antonio Fontelo López

Suplente: Isabel Blanco Yáñez

Consello Provincial de Servizos Sociais de Pontevedra

Titular: Felisa Balboa Cardoso

Suplente: M^a Jesús Cejudo López

Consello Municipal de Servizos Sociais do Concello de Vigo

Titular: Ana M^a Fieira Nogareda

Consello Municipal de Saúde do Concello da Coruña

Titular: María Villarino González

Suplente: Víctor Manuel Torrado Oubiña

Consello Municipal de Saúde do Concello de Monforte de Lemos

Titular: Sagrario Ferreira Pernas, *ata maio de 2024*

Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Rocío García Calvo

Suplente: Marta Bouzas Lameiro

Consello Municipal de Saúde do Concello de Vigo

Titular: Irene Esperón Rodríguez

Consello Sectorial de Inclusión Social do Concello da Coruña

Titular: M. Pilar Canosa Raña

Suplente: Guadalupe Oroña Quintáns

Consello de Deporte de Galicia

Titular: María Dolores González Fernández

Comisión Galega de Control da Violencia no Deporte

Titular: María Dolores González Fernández

Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada

Suplente: Hipólito Puente Carracedo

Comisión Galega de Protección Civil

Titular: Ana M^a Núñez Rubines

Suplente: M^a del Carmen González Hermo

Grupo de Traballo 4 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Mónica Permuy López

Subgrupo Técnico do Grupo de Traballo 4 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Mónica Permuy López

Grupo de Traballo 5 do Observatorio Galego da Violencia de Xénero

Titular: Lidia Álvarez González

Comisión Sectorial “Prevención e educación en valores de igualdade” do Concello de Santiago de Compostela

Titular: Yolanda Neira Cristobo

Comisión Sectorial “Coordinación das intervencións e seguimento” do Concello de Santiago de Compostela

Titular: M^a Concepción Rodríguez Pérez

Grupo de traballo para o seguimento do Plan Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela.

Titular: Rocío García Calvo

Grupo de Traballo da Comisión Técnica nº9, Comisión Sectorial Multidisciplinar do SERGAS

Titular: Lidia Sánchez Eidreria

Mesa Sectorial de Vivenda do Concello de Santiago de Compostela.

Titular: M^a Rosa Álvarez Prada

16. EN REPRESENTACIÓN DO COPG

- A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu:
 - Á XII Xornada “Saúde mental e adolescencia”, organizada pola Asociación Emilia Gómez ADAFAD o 22 de xaneiro na Coruña.
 - Xunto coa coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE), Ana M^a Núñez Rubines, asistiu a unha reunión co subdirector xeral de Planificación e Protección Civil, José Antonio Grandas Arias, para tratar a revisión do convenio do GIPCE para este ano.
 - Participou, en representación do COPG, no acto académico do Día da Psicoloxía Académica, organizado pola Facultade de Psicoloxía, que tivo lugar o 22 de febreiro en Santiago de Compostela.
 - Á II Xornada da Asociación de Bulimia y Anorexia de A Coruña (ABAC) “Trastornos da Conduta Alimentaria”, organizada por ABAC e que se celebrou o pasado 21 de marzo na Coruña.
 - Xunto coa vogal da Xunta de Goberno, María Begoña Castro Iglesias, asistiu á Gala do X Aniversario da Fundación INGADA (Instituto Galego do TDAH e Trastornos Asociados), o pasado 12 de abril na Coruña.
 - Ao Congreso Estatal de UNAD que se celebrou os días 24, 25 e 26 de abril en Oviedo.
 - Ao acto de lectura de poemas e Declaración Institucional Letras Galegas 2024, que tivo lugar o 16 de maio en Santiago de Compostela.
 - Á reunión do Patronato de Psicofundación, celebrada o día 26 de abril en Madrid. Asistiu tamén á reunión de Xunta de Goberno do Consejo General de la Psicología, celebrada o día 27 de abril en Madrid.
 - Participou no acto de inauguración da Asemblea da Conferencia de Decanos/as de Psicoloxía das Universidades Españolas, que tivo lugar os días 23 e 24 de maio en Santiago de Compostela.
 - Xunto con Fátima López Rodríguez, coordinadora da Quenda de Garda Psicolóxica Especializada en Violencia de Xénero, mantiveron unha xuntanza co Director Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, Roberto Barba Alvedro, e coa Subdirectora Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero, Patricia Fernández López, para tratar temas en materia de violencia de xénero, que se celebrou o 29 de maio na sede do COPG en Santiago de Compostela.
 - Asistiu aos Premios Solidarios 2024: Asómate á Solidariedade, organizada polo Grupo Social ONCE, que tivo lugar o 5 de xuño na Coruña.
 - Á reunión da Xunta de Goberno e á reunión da Xunta Xeral do Consejo General de la Psicología, que tiveron lugar o día 15 de xuño en Madrid.
 - Ao 42º Acto Institucional do Colegio Oficial de la Psicología de Las Palmas, que se celebrou o día 6 de xullo en Las Palmas de Gran Canaria.
 - Participou no Pleno do Observatorio Galego da Violencia de Xénero, que se celebrou en Santiago de Compostela o día 16 de xullo.

- Asistiu á recepción cidadá das festas do Apóstolo 2024, que se celebraron o día 19 de xullo en Santiago de Compostela.
 - Xunto co vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, asistiu ao acto das Medallas de Galicia 2024, que se celebraron o día 24 de xullo na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela.
 - Xunto coa coordinadora do Grupo de Tráfico e da Seguridade do COPG, Eva Muiño Gómez, asistiu á xuntanza co Director da Axencia Galega de Infraestructuras da Xunta de Galicia, Francisco Menéndez Iglesias, celebrada en Santiago de Compostela o día 3 de setembro.
 - Ao Acto de Toma de Posesión das prazas de número de Francisco Javier Méndez Carrillo e Elisardo Becona Iglesias da Academia de Psicología de España, celebrado en Madrid o día 27 de xuño.
 - Participou apertura da xornada científica “Menores e pantallas: da investigación á acción”, que se levou a cabo na Facultade de Psicoloxía o 20 de setembro.
 - No acto de entrega da Medalla Emilia Pardo Bazán 2024, que tivo lugar no Museo de Belas Artes da Coruña o 2 de outubro.
 - Asistiu ao acto de apertura do VI Congreso Internacional da Sociedade Científica Española de Psicoloxía Social (SCEPS), celebrado o día 3 de outubro en Santiago de Compostela.
